

## Alcoa e a ministra negocian en paralelo ás catro ofertas de compra da factoría

Alcoa vive unha dobre negociación. Por unha banda, aceptou, tras visitar a ministra Maroto Pittsburg, deixar fóra da negociación á SEPI sempre que se acorde unha rebaixa do prezo da electricidade. A multinacional esixe tamén paz social e comprométese en compensación a non iniciar ningún proceso de despido no prazo dun ano, prazo que poñen para conseguir a rebaixa na tarifa eléctrica. A segunda das negociacións é coas catro empresas que presentaron os seus avais e oferta en firme de compra. Os traballadores terán que tomar unha decisión sobre a paz social. **Pax. 2**

## A covid-19 remonta

O virus esténdese por todos os concellos dunha comarca que conta xa con oito municipios en estado de alerta e con novas restricións de aforos



Fai un ano que os preto de 70.000 habitantes da Mariña tiveron que confinarse polo inicio da pandemia da covid. Nestes momentos parece que a situación non está a cambiar moito malia a vacinación da poboación. Tras pasar unha boa etapa na que parecía todo controlado, coa chegada do turismo e do bo tempo o número de infeccións disparouse. Xa son tres os concellos que teñen máis de 100 casos pero as actividades continúan cos aforos reducidos e descártase polo momento o peche da hostalaría ou unha nova suspensión da vida cultural. **Pax. 3**

**foz.** Cribada a area tralo período de nidificación da pillara das dunas. **Pax. 6**

**viveiro.** Aprobadas axudas para negocios afectados pola pandemia. **Pax. 8**

**ribadeo.** Veciños do barrio da Torre seguen reclamando melloras. **Pax. 13**

**a pontenova.** Presentan o proxecto da tirolina máis longa de Galicia. **Pax. 16**

**cervo.** Éxito das actividades ao aire libre organizadas polo Concello. **Pax. 17**

**mondoñedo.** Volver os Seráns de Lecer e o Merlín Fest. **Pax. 19**

**alfoz.** O Concello inicia un verán con numerosas obras en execución. **Pax. 20**

## Confirmacións para o Resurrection



O festival do 2022 repartirase en cinco días. **Pax. 3**

## O festival Bal y Gay será este mes



Recitais de música clásica na Mariña. **Pax. 5**

## Amarte Bonito, a homenaxe á Feira



Celebrarase dende o 5 ao 8 de agosto. **Pax. 11**

## Ponse en marcha o programa Saborea a túa provincia

Púxose en marcha o programa Saborea a túa provincia cunha demostración das xornadas gastronómicas e lúdicas que percorrerán a provincia. Utilizarán alimentos con distinción da súa calidade como a Faba

de Lourenzán, a Pataca Galega, o Pemento de Mougán, o Lacán, a Tarta de Santiago, o Mel de Galicia ou o queixo San Simón da Costa; e tamén empregarán o Porco Celta, a Galiña de Mos ou o Vacún Galego. **Pax. 25**

Vaia, vaia...  
**50 GIGAS pola cara!**

**Fibra 1.000 Mb**  
**Móbil 25 GB**  
**+ 25 GB EXTRA**  
**PARA SEMPRE**

**8€ /mes**  
DURANTE 4 MESES  
Despois 44€

PARA SEMPRE!  
**GIGAS x2**  
coa tarifa 25GB



**adamo**  
Fibra · Móbil · Fixo

Chama gratis ao  
**900 651 679**  
[www.adamo.es](http://www.adamo.es)



# A MARIÑA

## Aprobado o Plan de Sostibilidade Turística

A ministra de Industria, Comercio e Turismo, Reyes Maroto, vén de anunciar a aprobación do Plan de Sostibilidade Turística da Mariña, cun investimento total de 64 millóns de euros en 3 anualidades.

O presidente da Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense, Fran Cajoto, quere agradecer ao goberno de Pedro Sánchez, á ministra e a todo o seu equipo, especialmente á Secretaría de Estado de Turismo, encabezada por Fernando Valdés, “o seu forte e decidido compromiso coa Mariña Lucense, unha comarca cun potencial de crecemento enorme e con recursos patrimoniais e naturais moi importantes que hai que poñer en valor”. “Foi un traballo técnico ben conformado, unha candidatura moi potente e un esforzo considerable que obtivo a súa recompensa. Hai que agradecer o labor da xente anónima que estivo traballando para que saíse adiante: técnico de Turismo da Mancomunidade, Fundación Juana de Vega e as administracións central e autonómica, porque sen o seu apoio técnico e económico non se podería ter acadado”, destaca Fran Cajoto, quen engade: “tiven o privilexio de acudir como relator á presentación dos Plans de Sostibilidade Turística en Lanzarote. Ademais aproveitamos a feira de turismo de FITUR para manter unha nova xuntanza co secretario de Estado. Pero o resultado do traballo está aí e os importantes recursos que inxectarán o plan servirán para traballar na desestaciona-



O presidente Francisco Cajoto

lización do turismo e xerar produto para que máis visitantes acudan fóra da tempada de verán”.

Este plan foi aprobado de forma unánime polos 16 concellos que conforman a comarca, fóra de localismos por un proxecto conxunto. Fran Cajoto explica que “unha das liñas máis importantes do Plan está reservada para oficializar e potenciar o Camiño do Mar, ruta de peregrinación a Santiago esquecida e que discorre por todos os concellos costeiros. Presentamos liñas de actuación que abranguen a todo o territorio da comarca. Así, poñer en valor as fervezas que hai na Mariña, traballar en rutas de BTT ou sendeirismo, definir unha rede de miradoiros ou de turismo ornitolóxico constitúen accións que benefician a toda a comarca no seu conxunto e non a un concello de forma individual”. Ademais indica que o plan conta cunha parte promocional moi importante.

## Cambio de tercio en Alcoa

Os traballadores deron un prazo de paz social para apoiar as negociacións mentres a multinacional dá marcha atrás e acepta negociar sen a SEPI

A negociación da venda do sector do aluminio de Alcoa continúa e amosa unha nova vertente tras máis dun ano de espera, presións, folgas e conversas.

Alcoa dá un paso atrás nas súas esixencias para a venda da planta de aluminio de San Cibrao e retira a esixencia de ter que facer a venda a través da SEPI, tal e como anunciara a ministra de Industria, Reyes Maroto, trala súa visita a Pittsburgh, sede da multinacional estadounidense.

Nunha carta aberta, o responsable de Alcoa en San Cibrao, Álvaro Dorado, e tras unha nova reunión coa ministra, comunica que cederon neste punto, ata o de agora imprescindible tanto para a empresa como para os traballadores, pero puxeron novas condicións. Dá un ano ao Goberno central para que rebaixe a factura eléctrica e poder abordar despois a venda directa.

Para lograr abaratar a factura da luz, Alcoa pide traballar co Goberno, a Xunta e cun ou máis eléctricas para que a planta de San Cibrao poida abastecerse de enerxías renovables en xaneiro de 2023 a un prezo competitivo.

Só se se rebaixan os prezos, Alcoa comprometerase a realizar un novo proceso de venda directa. A compañía esixe, ademais, paz social, é dicir, quere garantías de que os traballadores non renoven a folga e comprométese tamén a non iniciar ningún proceso de despido ata finais do próximo ano.

Para lograr abaratar a factura da



Dous momentos da última acción de protesta en Cervo contra a situación

luz, Alcoa pide traballar co Goberno, a Xunta e cun ou máis eléctricas para que a planta de San Cibrao poida abastecerse de enerxías renovables en xaneiro de 2023 a un prezo competitivo. Así, a americana negocia por unha banda co Goberno e pola outra coas catro empresas que se presentaron coa intención de comprar o sector do aluminio.

**MOBILIZACIÓNS.** Mentres a ministra Maroto visitaba a central de Al-

coa en USA, os membros do comité, traballadores e veciños achegáronse ata Río Cobo para facer unha concentración reclamando o desbloqueo da venda da factoría. Non faltaron nesta concentración proclamas así como outras accións de protesta, como colgar da ponte de ferro bonecos ou mesmo volver queimar pneumáticos para cortar o tráfico rodado pola zona. Os manifestantes reclamaban á Xunta e ao Goberno central a intervención da factoría.



**ACTUALIDAD**

Si eres hombre y has accedido a tu prestación de jubilación o incapacidad permanente entre 2016 y 2021...

**AUMENTA TU PENSIÓN**

Reclama el complemento de paternidad

**1ª CONSULTA GRATUITA**

Llámanos: 982 228 606

**VA VEIGUELA ABOGADOS**

SERVICIOS JURÍDICOS INTEGRALES EN LUGO Y RIBADEO DESDE HACE MÁS DE 30 AÑOS

📍 Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo.

☎ 982 228 606

📷 veiguelabogados

📌 veiguela abogados



# A covid-19 volve á comarca


Oito concellos entran en alerta debido ao crecemento descontrolado do virus

O virus da covid-19 volve ser o protagonista do verán na Mariña. A chegada do bo tempo e dos turistas, combinando coa relaxación de medidas trouxo un aumento descontrolado, con especial virulencia nos menores de 30 anos, que están sen vacinar.

Tras semanas con un ou dos concellos en alerta, sempre media ou ás veces alta, a Mariña estrea o mes de agosto con tres en alerta máxima, Viveiro, Foz e Burela (xunto a Monterroso); dous en alta, Cervo, Ribadeo (xunto a Lugo, Chantada e Monforte), e tres en media, Mondoñedo, Barreiros e O Valadouro (aos que se engaden Sarria e Vilalba). Aínda así, parece que o peor xa pasou e comezan a remitir os novos contaxios na maior parte deles. O que si está alta é a hospitalización, coas UCI recibindo pacientes, malia a súa xuventude.

Fixéronse distintos cribados entre a poboación moza, a máis afectada, pero a participación foi moi escasa aínda que os últimos datos falan dunha estabilización.

Debido a este crecemento de casos, que se produce de forma similar en toda Galicia, cambiaron de novo as restricións. Non volve ser obrigado o uso de máscaras ao aire libre pero quedan restrinxidas



Arriba, o novo mapa de situación e, abaixo, o cribado en Burela

as reunións de non conviventes, en exterior de 10 persoas e de 6 en interior. Tamén reduciron aforos na hostalaría e faise obrigado presentar un certificado de vacinación

ou unha PCR negativa para poder entrar nestes locais nos concellos en alerta máxima ou alta. Si pecha o ocio nocturno pero non haberá tampouco peche perimetral.

## Os polígonos da Pontenova e Cervo reciben unha achega

A Xunta aprobou axudas que suman preto de 687.300 euros para impulsar obras de mellora en oito polígonos industriais de Lugo.

Esta resolución da orde de achegas beneficiará aos municipios de Cervo, O Saviñao, Monforte de Lemos, Chantada, Begonte, Monterroso, A Pontenova e Rábade, onde grazas a estas axudas prevese unha mobilización final nos proxectos de 1,1 millóns de euros. Unha desas axudas correponde a Cervo, onde a Xunta

destina 240.000 euros a dous proxectos no polígono de Cuiña, orientados a dotar de beirarrúas unha marxe da vía de acceso (sentido Burela-San Cibrao); e outro para mellorar a xestión de residuos. O da Pontenova, pola súa banda, recibirá 74.200 euros para mellorar a rede viaria no seu centro industrial.

As axudas poden alcanzar ata o 80% do importe dos proxectos cun límite de 120.000 euros para solicitudes individuais.

## A Mariña contará con 2 centros plurilingües o vindeiro curso

O curso 2021/22 comezará cun total de 65 centros con modelo plurilingüe na provincia de Lugo, dos cales 11 se incorporan por primeira vez ao proxecto plurilingüe autonómico, mentres que catro centros amplían esta ensinanza á etapa de Infantil (Plurinfantil), dous deles na Mariña.

O centro na Mariña coa etapa de educación primaria é o Ceip Álvaro Cunqueiro Mora de Mondoñedo. O centro que amplía etapa de infantil cara ao próximo curso é o Ceip Plurilingüe Virxe do Carme de Burela.

## O Resurrection anuncia confirmacións para o 2022, que será de 5 días

A organización do festival viveirense anunciou xa as datas da edición de 2022, despois de ser aprazado un ano máis por mor da pandemia. Así, o festival en 2022 celebrarase do 29 de xuño ao 3 de xullo e xa anunciaron de que haberá algunha sorpresa máis por anunciar.

“Por segunda vez, queremos agradecer a vosa paciencia tras dous anos de esforzo e sufrimento para saír adiante nesta situación tan dura para todo o mundo. Sodes o mellor público posible. E é por iso que, como xa sabedes, o Resurrection Fest Estrela Galicia 2022 contará cun día completo extra que será gratis para todo o mundo que tiña un abono de 3 ou 4 días como premio por gardar as súas entradas tanto tempo e confiar en nós”, dixeron dende a organización.

A maioría de bandas seguen no cartel, e poderase desfrutar dunha cabeceira increíble: Avenged Sevenfold (data única en España e unha das poucas actuacións en Europa o ano que vén), KoRn (único festival en España), Judas Priest – 50 years (celebrando os seus 50 anos como un dos referentes do heavy metal), Deftones e Sabaton (coa maior produción que tiveron nunca en España), quen será os encargados de encabezar os cinco días de festival, xunto con outras bandas como Bring Me The Horizon cunha gran produción, Rise Against (único festival en España), Bullet For My Valentine ou Opeth, que tamén brillarán con luz propia.

Heaven Shall Burn, Sepultura, Jinjer, Rise of the Northstar, Spiritbox, Caliban, Dagoba, Beyond The Black, Eskimo Callboy, Our Hollow Our Home, e Deadly Apples mantéñense no escenario principal, mentres e recupérase a Crossfaith e engádesse a Alien Weaponry. Pechando a warm-up tamén teremos a Bleed From Within e Serrabulho e por último Hamlet, Vita Imana, Skunk D. F., Onza, Free City e Bolu2



Death tamén actuarán no escenario principal.

Nos escenarios temáticos contarán con grandes artistas, como sempre. No Ritual Stage contaremos con Dark Funeral, Decapitated, Bloodbath, Sylosis, Angelus Apatrida, Vomitory, Enforced, Infected Rain, Neaera, Benighted, Master Boot Record, Dead Label, Gaerea ou As Everything Unfolds.

No Chaos Stage, escenario de hardcore e punk, gozarse de Madball, Lionheart, Raised Fist, Knocked Loose, Morning Again, Moscow Death Brigade, Doyle, Employed to Serve, Belvedere, Svalbard, Misconduct, A Armada, Blowfuse, Ruxe Ruxe e True Mountains, entre outros.

Por último no Desert, volven Amena co seu increíble espectáculo, o carismático Nergal con Me And That Man, And So I Watch You From Afar, Tundra presentando o seu novo disco ao grande, Planet of Zeus, Torche, My Sleeping Karma, The Picturebooks, Celeste, O Altar do Holocausto, Adrift, Regarde Les Hommes Tomber, Frutería Toñi e Chris Masuak cos seus Viviero Wave Riders Association.

Á súa vez, teráncase todos os artistas nacionais do ano pasado e algunha nova incorporación, deixando un cartel increíble tras dous anos de ausencia.



**OS MOLINEROS**  
GRUPO INMOBILIARIO

Venta y alquiler de viviendas en la costa de Lugo  
679 9518 76 / 664 24 21 80 [www.osmolineros.com](http://www.osmolineros.com)



## Ribadeo e Barreiros poñen en marcha un novo obradoiro de emprego conxunto

Os concellos de Ribadeo e Barreiros, a través da Área de Desenvolvemento Local, veñen de poñer en marcha no mes de agosto un novo obradoiro de emprego dirixido a persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil. Na actualidade os dous concellos xa están desenvolvendo un programa destas características, no que están contratadas 16 persoas.

Este novo proxecto, denominado Territorio Vivo, pretende poñer en valor o patrimonio natural e histórico que ámbolos dous concellos posúen, establecendo actividades que busquen a súa protección e difusión e fomentando así a súa permanencia no tempo. Do mesmo xeito preténdese crear na cidadanía a sensibilización por protexer o legado histórico e natural que lles é máis próximo.

As actuacións que se levarán a cabo no eido da educación e interpretación ambiental son, entre outras, a análise do territorio dende un punto de vista natural, a creación dun centro de interpretación virtual do patrimonio natural, a realización de visitas guiadas interpretadas aos espazos rurais e naturais, a realización de talleres de

educación ambiental, a creación de varias xeorutas e a unión dos Concellos de Ribadeo e Barreiros a través dunha ruta.

No ámbito de arquivos e dixitalización, o traballo centrarase principalmente na organización da documentación dos arquivos municipais, na creación dunha ferramenta de busca avanzada, a realización de exposicións coa documentación máis relevante, e a indización e elaboración dun tesouro dos libros de actas do Concello, consistente na tradución dos documentos escritos en castelán antigo.

A duración deste obradoiro de emprego será de 12 meses, nos que estarán contratadas a tempo completo 16 persoas alumnas-traballadoras dos concellos de Ribadeo e Barreiros. A maiores xeraranse outros 2 postos de traballo de persoal docente. Ao longo destes 12 meses impartiranse as especialidades formativas de Interpretación e educación medioambiental e Operacións de gravación e tratamento de datos e documentos. Trátase dunha programación formativa dirixida á obtención dun certificado de profesionalidade.

## Amplían as axudas á apicultura

A Consellería do Medio Rural incrementou o importe das axudas destinadas a mellorar a produción e comercialización dos produtos de apicultura cunha dotación de 575.026 euros. Esta ampliación eleva finalmente o importe global a preto de 1,3 millóns de euros, o que supón un aumento de case o dobre do orzamento do ano pasado.

Estas subvencións son posibles grazas á incorporación tanto de fondos propios da Xunta como do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación e do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga). A repartición

da Unión Europea e do Estado faise en relación ao número de colmeas existentes en cada territorio, que en Galicia superan as 200.000.

Así, as axudas dispoñen de seis liñas de subvención diferentes: para a asistencia técnica (dirixida só a agrupacións de apicultores), para a loita contra as agresións e enfermidades da colmea, para a racionalización da transhumancia, para medidas de apoio aos laboratorios de análise de produtos apícolas co obxectivo de axudar ás persoas apicultoras a comercializar e a valorizar os seus produtos.

## Farán melloras nas basílicas de San Martiño de Foz e Mondoñedo

Aprobouse o Plan de catedrais de Galicia 2021-2027 que, dotado cun investimento de 38 millóns de euros, permitirá o desenvolvemento de actuacións para mellorar a conservación dos conxuntos catedralicios da Comunidade, co horizonte do Xacobeo 2027.

Este proxecto inclúe intervencións en monumentos nas contornas do Camiño de Santiago. Concretamente, nas basílicas de Lugo, Mondoñedo, Ourense e Tui, así como na antiga catedral de San Martiño de Mondoñedo de Foz e nas concatedrais de San Xiao de Ferrol e de Santa María de Vigo.

**GRANDES TEMPLOS.** Unha das catedrais incluídas neste plan é a de Mondoñedo, coñecida por ser unha das xoias do Camiño do Norte e incluída, como a de Lugo, na declaración de Patrimonio Mundial da Unesco acadada no ano 2015. Neste caso están previstas unha decena de actuacións cun investimento de máis



Antiga catedral de San Martiño de Mondoñedo, en Foz

de 6,5M€. Os principais traballos que se porán en marcha son a limpeza e consolidación das torres, a rehabilitación integral da parte sen uso do Pazo Episcopal para ampliar o museo ou a resolución das humidades que afectan a diferentes puntos do templo. Así mesmo dotarase ao conxunto catedralicio dun novo proxecto museográfico e restauraranse bens artísticos como as pinturas murais ou os órganos.

Ademais das catedrais, o plan deseñado co horizonte do Xacobeo 2027 tamén inclúe actuacións na antiga catedral de San Martiño de Mondoñedo, en Foz, para os que se destinarán 450.000€. Esta é coñecida como a catedral en pé máis antiga de España, onde está previsto actuar para resolver o alto nivel de humidade do interior, a acondicionar a horta da reitoral e a restaurar as pinturas murais.

## Impulsan a rehabilitación de edificios públicos en Barreiros e Mondoñedo

Vaise impulsar na provincia de Lugo a rehabilitación de cinco edificios que acollerán distintos servizos públicos en Barreiros, Outeiro de Rei e Mondoñedo, grazas á concesión de préstamos sen xuros por importe global de 1,2 millóns de euros, a través do Fondo de Cooperación.

En Barreiros reformarase o teleclub e as antigas escolas de San Cosme, para o que se conedeu, no primeiro caso, 513.200 euros de financiamento para remodelar as instalacións, que acollerán proxectos de dinamización económica e social; así mesmo, destínanse 200.600 euros ás escolas, para albergar un arquivo e outras dependencias administrativas e sociais.

Por último, Mondoñedo acadou 450.000 euros de financiamento



Un dos edificios públicos de Barreiros que se rehabilitarán

na convocatoria do 2019 para adquirir un inmovible, no que instalou un centro de atención de menores. Desde xuño está aberta unha nova convocatoria deste Fondo de cooperación para apoiar o financia-

mento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes, e o prazo para presentar solicitudes remata o 1 de outubro.

**Vive o verán**  
no  
**CONCELLO DE CERVO**

www.concellodecervo.com

CONCELLO DE CERVO // AYUNTAMIENTO DE CERVO



# Volve o festival Bal y Gay

Esta oitava edición dará dez recitais de música clásica na segunda quincena

O festival de música Bal y Gay, que, baixo o título Música á beira do mar, levará 10 recitais de música clásica á Mariña na segunda quincena de agosto. Trátase da oitava edición da iniciativa creada pola Asociación Xesús Bal y Gay en 2014, creada para diversificar e descentralizar os eventos culturais para achegalos a todo o territorio galego.

O 18 de agosto, no Pazo do Conde de Fontao de Foz, o cuarteto Seikilos inaugurará con obras de Turina, Ravel, del Campo y Gómez a edición máis nacional deste festival que mantén o seu concepto orixinal a pesar das restricións provocadas pola pandemia. O 19, na Igrexa de Santiago do concello focense, Cantoría interpretará obras de Monteverdi. As melodías de Beethoven, Chopin, Granados o Listz soarán no auditorio Hernán Naval de Ribadeo o 20 de agosto a cargo de Javier Perianes. El Amor de Brujo de Falla levará a música de cámara ao auditorio de Burela o 21 de agosto da man de Jaume Santonja e María Toledo. A Finca Goleta de Foz será o escenario para desfrutar de Puro Gershwin o 22 de agosto. Obras de Holborne, Bach, Verdi, Puccini, Turina



Presentación do festival de música

e Bizet soarán en Barreiros e Vilanova de Lourenzán o 22 e 23 de agosto, respectivamente, da man de Hércules Brass. O 24 de agosto, na fábrica de Sargadelos en Cervo, Pablo Sáinz-Villegas achegará os ritmos de Albéniz, Granados, Bal y Gay e Tárrega. Mozart, Saalim e Shostakovich á Basílica de San Martiño de Foz o 25 de agosto grazas ao cuarteto Casals. A Orquestra Sinfónica de Galicia con Dima Slobodeniouk pechará esta oitava edición cun concerto no que interpretarán obras de Bach, Turina e Adams o día 26 de agosto na Catedral de Mondoñedo.

**CENTROS DE MAIORES.** O programa musical de Bal y Gay tamén contempla tres concertos familiares os días 20, 21 e 22 de agosto en San Cibrao, Ribadeo e Mondoñedo.

O ciclo de conferencias Hojas de álbum con invitados de renome da cultura celebrarase en formato online e tamén se levarán a cabo obradoiros de Recuerdos Musicales os días 17, 19 e 21 de agosto nos Centros de Atención a Maiores en Trabada e Ribadeo. Os horarios e programa completo pódese consultar en [www.festival-balygay.com](http://www.festival-balygay.com)



Marcha reivindicativa da vía

## Propoñen a declaración da vía Burela-San Cibrao como segura

O BNG vén de propoñer unha alternativa de uso para a estrada provincial LU-P-1510 que une Burela e San Cibrao pola zona costeira. Esta estrada de nove quilómetros que ten moito tránsito de ciclistas e deportistas en xeral presenta tamén deficiencias no seu firme denunciadas xa en varias ocasións por numerosos veciños e usuarios. A práctica deportiva nesta vía aumenta día a día e viuse incrementada na pandemia, polo que os edís nacionalistas de Cervo e Burela consideran que é o momento de aproveitar esta infraestrutura para melloralala e facela máis segura e para eso propoñen convertela en

ruta ciclista segura, a semellanza das rutas ciclistas protexidas recollidas no catálogo da Dirección Xeral de Tráfico.

Sería a primeira vía destas características na Mariña, o que sería tamén un reclamo para toda a zona. As características deste tipo de vía conlevan a adecuación do firme, sinalización nas que se recollen horarios de afluencia, restricións de velocidade, control e redución de velocidade en adiantamentos, prioridade ciclistas...instalación de barreiras de protección nos quitamedos e puntos de reparación de bicicletas nos extremos da vía.

# A Pastoriza, historia e natureza

O Concello conta cunha importante oferta turística, na que destacan o patrimonio arqueolóxico e os espazos naturais

O Concello da Pastoriza, que limita coa Mariña por Riotorto e Mondoñedo, ofrece unha magnífica alternativa para desfrutar do patrimonio arqueolóxico e natural.

Unha parada obrigada é o **Centro de Interpretación ou CIN**, que abriu as súas portas a primeiros do mes de agosto do 2019 e ofrece un claro e explicativo percorrido pola historia da diocese de Britonia e o legado do pobo bretón no territorio galego. Aberto as fins de semana, este centro está en continuo crecemento, xa que pouco a pouco vai ampliando a súa colección con pezas de madeira,

maquetas e outros enseres atopados nas escavacións próximas.

Unha destas escavacións é o **Castro de Saa**, un asentamento fortificado da Idade de Ferro situado tamén na parroquia de Baltar e considerado un dos máis monumentais e singulares da provincia. O lugar está sendo estudado e vén de rematar a sexta fase de escavación, na que os arqueólogos atoparon un machado de bronce máis antigo que o propio castro e tamén dúas novas estancias circulares da primeira fase de ocupación, entre outros achádegos. Na mesma parroquia de Baltar

pódese facer un alto no estudo arqueolóxico para visitar a **área recreativa a da Riboira**, un idílico enclave á beira do río Miño que conta con praia fluvial e zona de descanso nunha fermosa carballeira. Os visitantes poderán gozar tamén cun paseo ata os muíños de Anllo e din ademais que no túnel que leva a auga ata estas dotacións estiveron agochados moitos republicanos durante a Guerra Civil.

Tamén co río Miño como protagonista atópase **Fonmiñá**, lugar onde emerxe unha fonte que se considerou ata o de agora o lugar de nacemento deste río. O lugar ten uns 350 metros cadrados de zona natural na que se sitúa un grupo escultórico do deus Breogán do ano 1969, ademais dun cruceiro. A contorna convida á práctica do sendeirismo, a bicicleta de montaña e aos paseos a cabalo. Nun futuro está previsto poñer en valor toda a zona do Alto Miño coa construción dun Centro de Interpretación en Fonmiñá, un enclave de alto valor ambiental e un dos lugares que tradicionalmente se utilizou como cabeceira do río Miño.





## NOVAS

foz

## A Festa Normanda ten aberto o prazo de inscrición para o mercado

A organización da Festa Normanda de Foz anunciou as datas da celebración, que este serán os días 27, 28 e 29 de agosto e contará con todas as medidas e protocolos sanitarios.

Dende a organización están a buscar nenos entre 8 e 12 anos para participar na representación do desembarco Normando, que será o sábado día 28 de agosto.

Tamén está aberto o prazo de inscrición para participar no mercado e lembran que para solicitalo haberá que pedilo por correo electrónico a [mercadonormando@hotmail.com](mailto:mercadonormando@hotmail.com).

## O PP denuncia "a lentitude" nas obras do campo de fútbol de Malates

O PP denuncia a "desidia e lentitude do goberno" para iniciar as obras de arranxo do campo de fútbol de Malates que "foron anunciadas no mes de febreiro e que financiaría a Deputación". O voceiro, Javier Castiñeira, explica que "xa nos están chegando as queixas dos clubs que prevén que as obras se farán cando máis se precisa o campo".

O popular sinala que "non entendemos por qué o Concello non ten iniciados eses traballos. Estamos no mes de xullo e non hai ningunha obra nos campos de fútbol". Castiñeira lamenta, nese sentido, que "moitos clubs, asociacións e incluso campus que está previsto celebrar este verán se vexan prejudicados" e agarda que "as obras non se estean a executar cando se estean a disputar as competicións federativas". A este respecto, advirte que as obras para facer nun campo de fútbol deben tratar de facerse no mes de xullo.

## Cribada a area tralo período de nidificación da píllara das dunas

A píllara das dunas é unha pequena ave limícola cuxas poboacións en Europa atópanse en claro declive. A poboación galega con apenas 80 parella é a única existente en toda a costa cántabro-atlántica, o que sumado a outra serie de factores de ameaza a converte nunha especie vulnerable. Por este motivo inclúese no Catálogo galego de especies ameazadas e posúe un plan de conservación específico.

A píllara das dunas móvese pola fronte da praia, polo cordón dunar e polas zonas do intermareal lamacento-areoso.

Esta especie sofre a perda do seu hábitat e ocupación das costas para usos recreativos que soportan costas e praias durante o verán, circunstancia que prexudica notablemente a reprodución.

A limpeza costeira, elimina as poboacións vexetais onde nidifican, ademais de destruír os seus niños e a construción irrespetuosa apoia o declive da especie.

Tamén cabe destacar as súas ameazas naturais tales como gaivotas, cór-



Cribado da area na praia da Rapadoira

vidos, raposos, gatos e ratas.

O seu estado de conservación a nivel mundial é sen preocupación na Lista Vermella da UICN e atópase recollido tamén no Libro Rojo de las Aves – SEO/BirdLife como especie vulnerable en España, por iso a Xunta aprobou o plan de conservación.

Así, a praia da Rapadoira de Foz entre o 15 de marzo e 15 de xullo, que é o seu período reproductor, ten as dunas virxes debido á que a píllara anida nese hábitat.

"É un compromiso coa Axenda2030 e o ODS14. O cambio climático obrigounos a desenvolver estratexias de turismo sostible. Segundo o marcado polo ODS 14, que pon en valor a sustentabilidade dos ecosistemas mariños", din dende o Concello.

Para axudar á conservación o Concello de Foz informa de que haberá que evitar desprazarse polas dunas, non achegarse aos niños, non deixar desperdicios na praia e utilizar os accesos existentes.

## A localidade conta con dous novos axentes de policía

O Concello de Foz conta con dous novos axentes de policía o que fan un total de 8 efectivos. O alcalde de Foz, Fran Cajoto, mantivo unha reunión de traballo coa Policía Local, na que deu a benvinda aos dous novos axentes que se incorporaron esta fin de semana.

"En período de prácticas, estes funcionarios supoñen un importante reforzo durante o verán, pasando a formar parte definitiva da plantilla unha vez rematada a súa formación", explicou o rexedor municipal. Fran Cajoto destacou que "a recuperación das baixas por xubilación era moi necesaria: polo tamaño de Foz e pola poboación que recibimos en verán. Deste xeito recuperamos o servizo de mañás e de tardes, de luns a domingo".

Na reunión "tamén se trataron temas como a programación de saídas para o control do ocio nocturno, a formación para o manexo do sonómetro ou a chegada dun etilómetro, co que se pretende desde a Policía Local evitar o consumo de alcohol ao volante e tamén dar unha ferramenta moi necesaria para a investigación de accidentes", indicou o alcalde.

## Remata o primeiro mes da compostaxe comunitaria

O departamento de Medio Ambiente e Medio Rural do Concello de Foz apostou firmemente pola compostaxe como parte da solución para contribuir a redución da pegada medioambiental. Por iso o pasado mes de xuño "o noso Concello iniciou a compostaxe comunitaria que está a ser xa un dos eixos de funcionamento da Delegación de medio Ambiente", din dende o BNG de Foz.

As accións levadas durante estes

dous anos a prol da compostaxe inclúen entrega de mais de 150 composteiros individuais en todas as parroquias, pendentes de ampliar por ter acadado notable interese e atoparse veciños en lista de agarda, campañas de sensibilización entre a poboación, formación de dúas traballadoras municipais no programa Mestres Composteiros e inicio da Compostaxe comunitaria con 9 familias participando na proba piloto de Costa do Castro.

## Acordo do Pleno para facer melloras no centro de saúde

O BNG acada o acordo do Pleno para mellorar o funcionamento e a dotación de persoal do centro de saúde de Foz, coa negativa do PP.

O centro continúa "funcionando cun sobreforzo dos seus traballadores, por mor das reiteradas e inadecuadas coberturas das ausencias nin de sanitarios nin PSX, e a non reposición da xubilación do persoal auxiliar de enfermería. Durante a pandemia e nas sucesivas ondas, o centro nunca recibiu ningún reforzo, mesmo para a realización dos estudos epidemio-

lójicos en relación coa infección por coronavirus. No medio da quinta vaga e inicio de tempada estival, por vez primeira en 15 anos a Consellería de Sanidade decide non incorporar persoal sanitario, nin facultativo nin DUE, de desprazados, e para abundar no desleixo as ausencia programadas non se cubren", din. Continúan demandando unha cobertura adecuada das urxencias, a reposición das xubilacións, a cobertura das baixas, das reducións de xornada e a incorporación do segundo TES.

TU COMERCIO DE SIEMPRE  
**ahora también online**  
 piscina 32 €  
 oculación 17 €  
 nevera 21 €  
 barbacoa 49 €

**SI TIENES JARDÍN**  
**TIENES UN TESORO**  
 ESTE VERANO ES PARA DISFRUTARLO  
 ESTABLECIMIENTOS  
**REY**  
[www.establecimientosrey.es](http://www.establecimientosrey.es)



## Ultiman os trámites para as obras de reforma do Bar dos Xubilados

O Concello de Foz ultima os trámites para o inicio das obras de reforma do Bar dos Xubilados, a construción dun novo espazo para as persoas discapacitadas e o acondicionamento e mellora da planta administrativa de asuntos sociais. Estas actuacións estarán listas neste ano 2021.

O alcalde, Fran Cajoto, explica que “o paso previo para o acondicionamento do Bar dos Xubilados sempre foi ofrecer unha ubicación alternativa á Asociación de Discapacitados Virxe do Carme e iso foi o que fixemos. Unha vez rematados os trámites con Portos de Galicia e asinadas as condicións esixidas para a ampliación da aula de seguridade vial -situada no peirao de Foz- a comezos deste mes, só resta a aprobación do proxecto construtivo e a licitación da obra, que se fará nas próximas semanas. Proxéctase a ampliación do edificio actual cunha planta baixa anexa de algo máis de 87 metros cadrados, que compartirá aseos coa edifica-



O alcalde diante do local

ción actual, de forma que poidamos optimizar recursos e aforrar gastos de mantemento. É neste espazo onde a Asociación de Discapacitados Virxe do Carme poderá continuar a gran labor de inclusión que está a facer de persoas con minusvalía do noso concello, que doutra forma non terían esa oportunidade. Un espazo axeitado, con novo mobiliario e que se axeita ás necesidades dun colecti-

vo que debemos coidar ao máximo. Dixemos alto e claro que non os iamos a deixar na estacada e cumprimos o que prometemos”.

Para esta obra destínanse 58.834 euros para esta edificación, con financiamento propio con cargo aos orzamentos do ano 2020.

A concelleira de Asuntos Sociais, Ana Rojo, anuncia que na próxima licitación tamén se incluírá a reforma das dependencias administrativas de Asuntos Sociais, por importe de 18.000 euros. “Desta forma gañaremos espazo para os técnicos, para o arquivo de documentación e para garantir a confidencialidade e a comodidade dos usuarios do servizo. Non é fácil en ocasións acudir a un servizo de axuda e debemos tratar de que sexa un trámite cómodo. O noso interese está nas persoas, na xestión próxima e personalizada: móvenos o interese de todos e cada un das veciñas e veciños do noso pobo”, destaca a edil.

## O Concello recibe unha carroceta forestal para o servizo de extinción

O Concello de Foz vén de recibir unha carroceta forestal froito dun convenio interadministrativo coa alcaldesa de Lugo. Un acordo polo cal, o vehículo actualmente inoperativo, pasará a prestar servizo en labores de extinción e prevención de incendios no termo municipal de Foz temporalmente. Cajoto agradeceu a disposición do goberno local e a axilidade coa que se tramitou a transferencia, “unha dotación que será gran utilidade”, sinalou.



**A RAPADOIRA.** O Concello de Foz colocou un parasol e unha pasarela para mobilidade reducida na praia da Rapadoira, así como lavapés e caseta socorrismo na praia de Pólas. Tamén estiveron a facer desbroces de camiños en Forxán, Mañente, na contorna de Llas e Paseo do Río Ouro, e fixeron traballos de reparación de baldosas en Cervantes e na avenida de Viveiro.

## Rematada a obra do miradoiro da Tamaniña



Novo miradoiro

A pequena península ubicada entre Ollo do Mar e Llasxa está rematada e lista para o uso e disfrute dos veciños. Así, o servizo de Costas acondicionou a petición do Concello de Foz un novo espazo para a veciñanza.

Esta actuación está integrada coa contorna e cos muros xa existentes e que se corresponden cun proxecto inmobiliario que non chegou a levarse a cabo. Conta cunha pasarela de acceso á península dende o extremo máis próximo ao mar.

## O Cinema acolle unha mostra homenaxe a Suso Fernández

O Centro de Interpretación da Mariña, Cinema de Foz, acolle unha mostra homenaxe a Suso Fernández ou Suso do Bahía, Fillo Predilecto do Concello de Foz, onde tamén foi Cronista oficial e destacado activista cultural, social e informativo. A exposición, que se complementa cun catálogo que recolle integramente os contidos da mostra, foi un encargo do Concello de Foz, con motivo da despedida (por motivos de saúde) de Suso Fernández como Cronista oficial do Concello.

O Concello focego quixo que fose especial esta despedida do Cronista -e toma de posesión do novo, o historiador Xoa Ramón Fernández

Pacios-, poñendo de relevo os especiais servizos que Suso Fernández ten prestado ao seu concello durante máis de sesenta anos: foi o primeiro divulgador da historia e turismo de Foz, creador de Asociacións e entidades de interese público, promotor do asociacionismo comercial e industrial e das Feiras do Libro de Foz, e especial animador de iniciativas culturais e sociais. Esta mostra, titulada *Sempre en Foz-Suso Fernández*, está composta por un panel de presentación, nove paneis integrados en tres prismas triangulares, un panel con palabras para Suso de persoeiros amigos, e seis mensaxes especiais.







Estrada de Viveiro

## Adxudicadas as obras de viais en Viveiro e Galdo

Adxudicouse a execución das obras de mellora de viais de titularidade municipal das parroquias de Viveiro e Galdo, incluídas dentro do 'Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022', do Agader.

O proxecto para estas actuacións conta cun orzamento de contrata de 63.425,37 euros e contempla a execución de obras de mellora na

Pista de Borralleiros, en Viveiro; e do Camiño da Veiga, Camiño do Cárcere e Pista da Pedrosa, en Galdo.

As obras consisten en labores de mellora, mediante o reforzo do firme existente coa incorporación de novas capas, así como de mantemento, tanto do firme existente mediante o bacheo de determinadas zonas como das marxes dos camiños mediante a limpeza de cunetas.

## Vanse licitar as obras de renovación das cubertas do albergue de Area

Vanse licitar a finais de ano as obras de renovación das cubertas do albergue xuvenil de Area, en Viveiro. No 2019 xa se fixeran tarefas de mellora fíxose a da carpintería exterior, así, deste xeito, xunto co cambio das cubertas que se realizará a finais deste ano, a Xunta investirá preto de 500.000 euros en mellorar as instalacións.

Con estas obras búscase darlle ás mozas e mozos que cada ano elixen este albergue unhas instalacións de luxo, á altura da súa contorna. Así mesmo, lembrou que este albergue é un dos máis demandados cada ano. Esta edición volve a ter completas as cinco quendas de campamentos.

## Reforzan con dous socorristas os servizos para manter os areais

O Concello reforza os seus servizos para manter os areais do municipio en óptimas condicións, en especial os servizos de limpeza, sobre todo en aseos e duchas, ao tempo que se instalou a carteleira informativa sanitaria, tanto nos paseos como nos accesos ás praias..

Entre as medidas a cumprir quere-se facer fincapé na necesidade de gardar a distancia de seguridade. Ademais, cómpre utilizar a máscara nas entradas e saídas das praias, así como cando se estea con persoas non conviventes, sempre que non se poida manter a distancia

# Aprobadas axudas para negocios afectados pola pandemia da covid

A xunta de Goberno local aprobou as bases reguladoras e a convocatoria das novas axudas de impulso da actividade económica no termo municipal de Viveiro para paliar os efectos da covid-19.

Estas bases teñen por obxecto establecer a regulación (solicitud, tramitación, concesión, xustificación, pago e reintegro) e convocar as subvencións municipais destinadas a paliar o impacto derivado da Covid-19 sobre os pequenos empresarios e autónomos de Viveiro que tivesen unha baixada de facturación de, polo menos, o 50% no exercicio 2020 respecto do 2019 pola pandemia.

A contía destinada a atender estas subvencións ascende a un importe total de 69.110,00 euros, concedéndose unha cantidade fixa de 850 € a cada beneficiario, ata agotarse o crédito destinado á convocatoria. Poderán solicitar esta subvención



A alcaldesa María Loureiro

aquelas persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica que tivesen unha alta anterior ao 15.03.2020 e que acrediten unha baixada de facturación de, polo menos, o 50% no exercicio 2020 respecto do 2019, ou en caso de

alta no primeiro trimestre de 2020, acrediten unha baixada de facturación de, polo menos, o 50%, no resto de trimestres de 2020 con respecto ao primeiro trimestre.

Así mesmo, terán dereito a esta axuda as actividades que tiveron alta posterior a dita data sempre e cando acrediten a efectividade de gastos para dita apertura con anterioridade ao 15.03.2020. Non poderán acollerse a estas axudas aquelas persoas ou empresas que fosen beneficiarias das axudas concedidas polo Concello de Viveiro en 2020 para actividades que se viran afectas polo peche de establecementos. Por outra banda, lémbrese que o Concello adheriuse ao II Plan de Rescate da Xunta de Galicia para a concesión de axudas á hostelería. Presentáronse un total de 118 solicitudes; destas, 113 foron resoltas favorablemente e 5 están pendentes dalgunha cuestión técnica.

## O Pleno aproba a moción para habilitar na vila zonas para cans

A moción presentada en pleno para habilitar lugares para cans en praias e zonas verdes de Viveiro, saíu aprobada a pesares da equidistancia dos grupos do PSOE e PP, que se abstiveron.

Os puntos aprobados desta moción expostos pola concelleira do BNG, Míriam Bermúdez, foron que se establece un horario que permita o acceso dos animais ás praias despois das 21 horas e até as 10 horas, nos meses de verán, e que se habilitará polo menos unha zona verde de esparcemento para cans, de maneira permanente ou con delimitación horaria.

Como medidas a curto-medio prazo propuxose a creación de zonas permanentes para cans, ou con horario, nas praias e zonas verdes de Viveiro,

á maior brevidade posible no tempo. Así como contar coa colaboración da veciñanza e de asociacións de animais de Viveiro para a esollas das localizacións e a realización de campañas de concienzación relacionadas coa necesidade de recoller e limpar os excrementos das mascotas, incluídos ouriños.t

A alcaldesa de Viveiro, María Loureiro, afirmou recibir protestas veciñais de cans soltos e excrementos nos areais, tentando xustificar así a prohibición de cans en praias as 24 horas durante todo o verán. Tamén foi taxante en que, "como este verán xa lanzaran o Bando de prohibición que non se podían desdecir, como se calquer bando, notificación ou prohibición non se puidera revertir e emitir un novo", di Bermúdez.

**2500 m<sup>2</sup>**  
**a tu disposición**

¿Qué harías con ellos?  
Nosotros, reforestar.

**Tenemos un bosque para ti.**

Únete a nuestro proyecto de reforestación y descubre más en [ortegaloil.es](http://ortegaloil.es)

Ortegal Oil



[www.ortegaloil.es](http://www.ortegaloil.es)



Ortegal Oil



881 93 18 56

\*Consulta con nuestro personal para conocer los servicios disponibles en la compañía.



EL BOSQUE DE  
ORTEGAL OIL





# Viveiro celebrará este ano as feiras do libro e de artesanía

O Concello de Viveiro anuncia a celebración de diferentes eventos culturais, entre os que se atopan as feiras do libro e de artesanía. Ademais, o goberno local está a preparar unha extensa programación cultural para este verán, que incluírá a actuación de Guadi Galego.

Dunha banda, entre o 13 ao 22 de agosto, Viveiro acollerá a XXXVII Feira de Artesanía nos Xardíns Noriega Varela, que inclúe a numerosos profesionais deste eido. Tamén no mes de agosto, os Xardíns Noriega Varela recibirán á Feira do Libro, que, como noutras edicións, traerán a Viveiro unha ampla oferta cultural e encontros cos escritores e escritoras. Doutra banda, o Concello de Viveiro prepara unha ambiciosa programación cultural, con máis de 20 actividades programadas entre xullo e setembro. Entre estes eventos, o go-



Unha imaxe dunha edición anterior da feira do libro

berno local adianta que se incluírán contacontos, maxia, actuacións da Banda Municipal de Música e concertos. Entre a oferta cultural, destaca o concerto da cantante Guadi Galego, que visitará Viveiro no marco da xira do

seu álbum *Costuras*. “Anunciaremos proximamente todos os detalles da axenda cultural destes meses, cuxas actividades serán con reserva previa e cun estrito control das normas de prevención da covid-19”, engade María Loureiro.

# Os espectáculos de Veran(e)arte

O Concello de Viveiro acollerá durante o mes de agosto o programa ‘Veran(e)arte’, con espectáculos culturais pensados para un público familiar, con aforos limitados e un cumprimento estrito de todos os protocolos covid-19.

Terán cabida no programa todo tipo de expresións artísticas, desde circo, maxia, contacontos ou grupos musicais, cunha aposta moi clara pola cultura galega e local.

O programa ten dúas modalidades, unha de espectáculos ao aire libre en espazos como os xardíns Noriega Varela, o parque Pernas Peón, Covas ou Celeiro, e unha segunda con actividades no Teatro Pastor Díaz.

Todas as actividades serán de balde

excepto o concerto familiar *Yo soy ratón* o 30 de agosto no Teatro Pastor Díaz. As charangas programadas actuarán exclusivamente pola mañá e farán parada só no templete da música dos xardíns Noriega Varela.

O teatro, será ás 19.00 horas no Pastor Díaz, e dará comezo o venres 7 coa obra *Lope en femenino*, unha actividade exclusivamente para público adulto, e seguirá o 18 con *Contacontos*, o día 19 con *Bailando cos contos*, o 20 será a quenda de *Cartoons* e o 28 *Olvida los tambores*.

Un dos concertos programados, o de Guadi Galego o 16 no parque Pernas Peón, será inclusivo para a comunidade xorda, polo que estarán dispoñibles as mochilas vibratorias

Subpac das que dispón o Concello de Viveiro. A reserva de entradas para este espectáculo comeza o día 3 de agosto. Será de luns a venres de 10.00 a 13.00 horas chamando ao 676 877 799. Só poderán reservarse dúas cadeiras por persoa.

Tamén haberá concerto de música tradicional a cargo de Carapaus o día 12 de agosto, pasarrúas os días 14 e 15, La mala vida o xoves 19 e Sons de Celeiro o 22 de agosto.

Todos os eventos terán aforo limitado e protocolos covid-19, polo que será preciso chegar 30 minutos antes para evitar aglomeracións.

Veran(e)arte traerá ao Concello concertos da banda de música, teatro infantil, monicreques e contacontos.

# Colocan carteis polo peche nocturno de areas e parques



Cartel nun parque viveiroense

O Concello de Viveiro acaba de colocar carteis nos areas e parques máis céntricos e concorridos avisando que dende as 00.00 horas ata as 06.00 horas non se pode estar nestes espazos.

Así, o consistorio tomará medidas no caso de incumprimento desta medida tal e como vense facendo e de maneira especial durante o período estival, o Concello de Viveiro, en coordinación coa Subdelegación do Goberno, reforzará a seguridade para traballar de forma

conxunta co Policía Nacional establecendo diferentes puntos de control para impedir que se produzan botellóns ou aglomeracións. A día de hoxe, no municipio hai un total de 38 positivos. “O número de casos no noso concello estase incrementado, igual que na comarca da Mariña, polo que, sen querer alarmar, “debemos insistir na necesidade de cumprir as medidas establecidas polas autoridades sanitarias”, din dende o Concello.

# Ampliado o programa de compostaxe doméstico

Viveiro Sustentable é o proxecto local para a loita contra o cambio climático e defensa do medio ambiente. A primeira campaña é a compostaxe doméstica, na que xa están implicadas 200 familias.

Este programa ten como obxectivo que 300 familias do Concello de Viveiro composten na súa casa. Agora, ábrese un novo prazo para que as persoas interesadas recollan o seu composteiro aínda que non es-

tén apuntadas previamente.

Entregaranse composteiros a todas as persoas interesadas no Pavillón Polideportivo Municipal de Viveiro o martes 3 e o xoves 5 de agosto entre as 10:00 e as 14:00. Ao recollelo será necesario indicar un número de teléfono e o nome.

Logo disto recibirán a visita das Mestras Composteiras que farán a labor de formación para o mellor funcionamento dos composteiros.

The image shows a collage of promotional posters. On the left, a poster for 'Ayuntamiento de Vegadeo PRINCIPADO DE ASTURIAS' advertises 'Mercado ecológico' on August 28 and 29, 2021. In the center, a poster for 'Mercado Ecológico' features a fruit stand and mentions 'VEGADEO' and 'PARQUE DE MEDAL DE 11:00 A 20:00 H.'. On the right, a poster for 'Vegadeo en el corazón de la Reserva de la Biosfera Rio Eo, Oscos y Terras de Burón' promotes 'MUCHO QUE OFRECERTE' and lists activities: 'Marcha Cidoturista Ria del Eo, 5 de septiembre', 'Rallye Clásico Tierras del Eo, 18 de septiembre', and 'Maratón Cíclo Indoor Villa de Vegadeo, 25 de septiembre'. It also includes social media icons for Facebook and Twitter, and a QR code.



# “Burela deume oportunidades para desenvolver o meu arte”

**Belén Mogo é unha artista multidisciplinar burelá**

Belén Mogo ademais de trasladar a diferentes materiais os seus pensamentos colabora con diferentes asociacións.

**Que tipo de artista é, referíndonos ao tipo de técnica que usa?**

Son unha artista multidisciplinar pero principalmente dedícame a pintar con oleo e acrílico e ultimamente sobre tea. Dependendo do que queira facer e do soporte uso unha cousa ou outra, o acrílico polo secado e a textura lisa que deixa.

**Como comezou?**

Empecei dende ben pequena, en terceiro de EGB xa pintaba e de pequena comecei sendo autodidacta pintando con témperas e acuarelas, pero sempre materiais con pinceis. Logo fixen Deseño Gráfico na Escola de Artes Aplicadas Ramón Falcón de Lugo.

**Gañou moitos premios?**

De pequena si que gañei varios premios en certames de debuxo como o de Tráfico e outros nos que nos presentaban no colexio. Xa fai un par de anos participei no certame para o cartel da Feira do Bonito de Burela na súa edición 24, o cal gañei.

**É unha artista polifacética, non?**

A min a xente de Burela deume oportunidades para desenvolver o meu arte, ben dando clases de pintura, facendo logotipos para negocios, ou carteis para promocionar eventos, algunha que outra exposición e sobre todo o tema do alfombrismo. Estou contenta con todos estes ámbitos.

**Nas clases de pintura conta con moitos alumnos?**

Dou clases de pintura dende fai anos principalmente para adultos pero

tamén a nenos, son xente de varios sitios da Mariña que van sabendo de min polo boca a boca dos demais.

**Traballa ademais con varias asociacións?**

Si, colaboro con Amas de Casa Leticia, a Asociación Esperanza, tamén coas anpas en Os Castros e Fondo Nois. Gústame colaborar con mais xente e facer proxectos conxuntos coma con Martín Lestao no alfombrismo ou María José Mon, profesora de bordado, facendo delantais e camisetas para o mercadillo solidario con AFAN e A Eesperanza.

**Estes días deseñou e elaborou unha alfombra floral en Montederramo, como foi o proceso?**

Coa Asociación Burela Floral preparamos e confeccionamos un tapiz en Montederramo, Ourense, e ocupeime de crear o debuxo que



Belén Mogo cun mural para unha habitación infantil

representaba moi ben o espírito do documental Ribeira Sacra, alí onde todo pode ocorrer. E preparamos o material, a plantilla e decidimos que materiais se axeitarían mellor para crear texturas distintas no tapiz. A nosa maneira de facer alfombras florais é moi creativa, tanto polos motivos como pola variedade de materiais que usamos e sempre estamos a indagar en novos usos ou utilízalo de forma distinta.

**Ten algún proxecto en mente?**

Eu conto con seguir facendo cousas aquí, en Burela, por que aquí é onde me movo é onde estou agusto. A arte forma parte de min así que seguirei argallando dunha forma ou outra.

**E o futuro, como lle depara?**

Ideas sempre hai, agora estou cun proxecto de cazadoras pintadas a man personalizadas e seguirei coas clases de debuxo e coa alfombra que son dúas cousas que me enchen moito á hora de crear.

## Maxia e música para o verán

O Concello de Burela acolle unha variada programación cultural para agosto e setembro que inclúe maxia e música. Así, o venres 6 de agosto, o Mago Antón fará o seu espectáculo *A volta a Galicia en 313 concellos*, na praza do Concello con pases de 30 persoas e será preciso anotarse.

Xa o venres 13 será a función de Desastronauts ás 20.30 horas, a máis espectacular compañía de aéreos de Galicia, para representar *Máis alto aínda*. A entrada será libre.

O sábado 21 será o concerto de Orquestra de Cámara do Festival Bal y Gay no auditorio destinado a un público adulto. E por último, o venres 27 ás 20.30 horas Isla le triska presentará o seu espectáculo *Le triska inmóvil* na praza



da Mariña.

Xa en setembro o venres 3 ás 20.30 horas será a quenda de Muu e a súa función circense Crunch na praza do Concello.

## O Concello está a rozar de forma subsidiaria

O Concello de Burela está a executar de forma subsidiaria labores de roza de fincas ou parcelas que non foron adecentadas polos seus propietarios. O alcalde, Alfredo Llano, cualifica de irresponsables e incívicas esas condutas que poden sancionar con ata 6.000 euros.

Llano dixo que “como non podía ser doutro xeito, unha vez executados ditos traballos, procederase a liquidar o custe dos mesmos ás persoas propietarias incumplidoras e, consecuentemente, procederase ao seu cobro, e todo elo sen prexuízo de que se proceda a iniciar o correspondente procedemento sanciona-

dor e, de resultar procedente, se sancione dita incívica conduta cunha multa”.

Alfredo Llano lémbrales “a todas as persoas propietarias que non dan cumprimento ás súas obrigas de mantemento, conservación e limpeza das súas fincas ou parcelas, que a súa irresponsabilidade xera un grave problema medioambiental, de salubridade e mesmo de risco de incendio, que afecta a toda a nosa veciñanza, e que o Concello de Burela, ante ditas condutas, actuará utilizando todos os medios que a normativa lle atribúe para a defensa do interese xeral do pobo”.

## A aula Cemit prepara un curso de informática básica para nenos

A aula Cemit de Burela acolle un novo grupo para o curso informática básica para nenos entre 7 e 9 anos. Para inscribirse haberá que pasarse pola aula na casa da Xuventude no Concello de Burela, por Facebook ou Instagram ou polo correo: cemit.burela@xunta.es.

Estas clases serán todos os martes de 13.05 a 14.00 horas e o contido incluírá de programación con Scratch, procesador de texto básico e elaborar carteis con Draw.

A aula Cemit de Burela permanece aberta de luns a venres de 8.00 a 14.00 horas.

**MENÚ DIARIO**  
**MENÚS ESPECIALES**  
**PESCADOS**

Plaza Conde Fontao, 3 (Puerto) - Foz - Tel.: 982 140 433

ABIERTO TODOS LOS DÍAS



# Amarte Bonito, a homenaxe á Feira

Chega Amarte Bonito, a homenaxe á Feira do Bonito de Burela, que se celebrará dende o 5 ao 8 de agosto

O Concello de Burela presenta Amarte Bonito, un programa de actividades paralelas ao Certame Internacional de Pintura Mural Amarte e en homenaxe á Feira do Bonito (declarada de interese turístico nacional en 2019) que terán lugar do 5 ao 8 de agosto.

Ata o sábado 7 de agosto pódese participar no Concurso de Selfies que terá un premio de 100 euros doados polo Grupo Dissolquim.

Do xoves 5 ao domingo 8 de agosto ao tempo que os artistas finalistas do V Certame Internacional de Pintura Mural Amarte plasman os seus bocetos no peirao fázase unha homenaxe á Feira do Bonito coa celebración de xornadas gastronómicas e a elaboración de saborosas tapas, racións e menús degustación do túnido nos bares e restaurantes da vila. O venres 6 de agosto gozaráse do talento do Mago Antón na praza da Mariña cun máximo de 30 persoas por función ás 12.00, 13.00, 17.00, 18.00, 19.00, 20.00, 21.00 e 22.00 horas. Ás 23.00 horas terá lugar na praza do Concello un concerto da banda coruñesa Luar na Lubre con entrada gratuíta.

O sábado 7 de agosto de 11.00 a 14.00 horas na explanada do porto o artista lucense Diego Anido, campión das batallas da Liga Nacional de Graffiti, impartirá un obradoiro infantil gratuíto desta arte urbán. Para participar haberá que inscribirse previamente chamando ao 982 581 141.

Xa pola noite, ás 23:00 horas na praza do Concello o grupo local Tribu Folk ofrecerá un concerto con entrada de balde.

O domingo 8 ás 12:45 horas tamén na praza do Concello o actor, presentador e humorista ourensán Sergio Pazos entregará os premios do V Cer-



tame Internacional de Pintura Mural Amarte e do Concurso de Selfies. E como broche final ás 13.15 horas poderase desfrutar dun concerto da banda viguesa Eladio y los seres queridos tamén con entrada libre.

**PINTURA MURAL AMARTE.** A Concellería de Cultura de Burela xa anunciou os nomes dos nove finalistas do Certame Internacional de Pintura Mural Amarte 2021, que se celebrará no peirao burelés entre os días 5 e 8 de agosto. David Catá volverá ser este ano o presidente do xurado. En total foron presentadas 58 traballos, a cifra máis alta de todas as edicións. O concelleiro de Cultura, José Díaz, declarou que “queremos anunciar desde a Delegación de Cultura do Concello de Burela que xa temos aos nove finalistas que este ano competirán por ese primeiro premio de 1.500 euros en Amarte 2021. Para a selección dos finalistas contamos coa axuda, a cal agradecemos, de Marcos Pereiro, gañador do certame o primeiro ano; Delio Rodríguez Sés, que levou o terceiro premio ese primeiro ano; Guillermo Paz, gañador o ano pasado xunto con Diego Anido, que tamén axudou na valoración dos bosquexos presentados, e David Catá, gañador no ano 2018 do Certame de Amarte.

Os nove finalistas son: Filipe Alexandre, que é de Portugal, coa obra Tortuga; Anna Repullo de Barcelona, con Marineros; Armen Grygorov, ucraíno aínda que residente actualmente en Barcelona, con Sirena roja; Alessia Innocenti, nacida en Chile, pero residente en Italia, con Mar sin fin; Martín Cal, de Coruña, coa nosa Burela; Daniel Caro e Guillermo Torres, de Madrid, con Sueños eternos; Daniel Pedrosa, de Barcelona, con Sentimento dinámico; Tirso Paz, tamén residente en Barcelona que naceu en Lugo, con Meiga do mar; e Pablo Lage, de Lugo, coa obra Todo o que vai, volve.

“Hai estilos moi diferentes este ano que evidentemente non imos adiantar porque sempre é unha sorpresa verlles pintar e o que van facendo. Pero hai estilos desde temas máis coloristas xogando coa cor e as proporcións, mesmo co 3D, ata deseños realistas pasando por imaxes de aspecto cómic. Creo que temos un abanico dos máis variado e calquera deles podería gañar perfectamente. Sempre cando pintan, a xente opina e todos opinamos diferente. Viuse agora na selección de bosquexos que había moitos moi votados e houbo que sumar todas as puntuacións para ver quen sacaba un pouco máis para ser seleccionado”, dixo..

## Xornadas gastronómicas

A Feira do Bonito terá lugar do 5 ao 8 de agosto en dezanove locais hostaleiros de Burela, que promocionarán o bonito a través de degustacións nos propios establecementos con menús, tapas, racións ou outro tipo de propostas”. Llano sinalou que “dado que este ano nos podemos facer a Feira do Bonito no seu formato tradicional esta é unha maneira moi bonita de poder promocionar tanto a pesca de Burela como esta especie en concreto”. A feira contará con dous carteis, un anuncia todos os locais que participarán nesta cita gastronómica e outro recolle toda a programación que se desenvolverá en Burela do 5

ao 8 de agosto: o Certame Internacional de Pintura Mural Amarte, o concerto de Luar na Lubre, a actuación do Mago Antón, etc...

Alfredo Llano engadiu: “e fixémoslles entrega dun vale para que vaian retirar dúas pezas de bonito cada hostaleiro participante, que dona Absa, a quen lle agradecemos este xesto cos negocios de Burela”. Ademais, Leticia entregoulles aos hostaleiros un agasallo, trátase dun mandil dos que eles levan sempre na Feira do Bonito. E durante a campaña vanse sortear camisetas que tamén dona Leticia a través das redes sociais entre todos aqueles que participen nas degustacións”.



Diferentes imaxes do muro na edición pasada

José Díaz engadiu que “esperemos que a situación sanitaria mantéñase máis ou menos estable e que podamos levar a cabo Amarte. Eu confío en que si porque o ano pasado, cunha situación peor quizais, puidemos facelo con seguridade e sen ningún problema, e este ano confiamos no

mesmo. Non se se a parte musical, coa que queríamos acompañar Amarte e homenaxear a Feira do Bonito, vai poder desenvolver como temos previsto. É mellor esperar para poder confirmalo, pero Amarte penso que é moi posible que si se poida celebrar”.



Cámaras de congelación • Cámaras de conservación  
• Túneles de congelación • Secaderos de jamones, embutidos y quesos • Plantas frigoríficas para industrias pesqueras, conserveras, cármicas, panaderías industriales y afines, lácteas, etc.  
• Plantas frigoríficas para supermercados, hipermercados y centros comerciales  
• Climatización en otros sectores industriales

Más de 50 años de experiencia realizando el montaje y el mantenimiento de instalaciones de frío comercial, industrial, y climatización

Rúa dos Carpinteros, 27 · Pol. Ind. O Ceao. LUGO · GALICIA · ESPAÑA  
frisaques@frisaques.com · Tel: (+34) 982 207 147 · www.frisaques.com



## O Pleno acorda reclamar á Xunta as prazas perdidas no centro de saúde

Pola vía de urxencia foi aprobado no pleno reclamarlle á Xunta un plan de recuperación dos cadros de persoal do Sergas, do reforzo da atención primaria e da mellora no rastrexo do covid-19. Subliñan que no centro de saúde hai menos profesionais agora que hai dez anos e que se reduciu nun 50% o cadro do persoal médico pasando de 6 a 3 facultativos, que de xeito puntual se reforzan con outra profesional do PAC. Ribadeo solicítalle á Xunta a recuperación das prazas perdidas así como a cobertura de todas as ausencias do persoal.

Ademais da declaración dos festivos locais para o ano que vén que quedaron o día de San Roque, 16 de agosto, e o día da Patroa, o 8 de setembro, aprobaron un suplemento de crédito para ter efectivo para un convenio extraordinario que teñen que asinar con Acisa e tamén para poder adquirir un novo vehículo para a policía local.

Por unanimidade deixa sen efecto o acordo do Concello do ano 1939 no que se nomeou alcalde honorario ao ditador Franco.

## Acondicionarse o barrio de San Miguel

O Concello realizará tarefas de acondicionamento no barrio de San Miguel e na rúa Antonio Rodríguez Darriba. O investimento ascenderá a máis de 46.000 euros e o prazo de execución será de 2 meses, segundo deu a coñecer a concelleira de Obras, Mónica Freire Rancaño.

As actuacións que se contemplan neste proxecto inclúen o aglomerado das vías deste barrio de San Miguel e da rúa Antonio Rodríguez Darriba, xunto coa colocación de mobiliario urbano e a mellora na sinalización e tamén a humanización do espazo coa plantación de varias árbores.

# O PP suma denuncias e queixas de abandono e falta de seguridade

**Ao estado de Ove e dos barrios, engádesse que segue pechado O Cargadoiro**

O Grupo Municipal Popular de Ribadeo afea ao goberno local, “por que esixa aos veciños limpeza cando eles non teñen unha programación seria”, así o indica a edil Elena Sierra logo das declaracións realizadas polo alcalde nacionalista a este respecto. Os populares argumentan a súa valoración tomando como referencia a situación de abandono na que se atopa a área recreativa de Ove. Malia ser adecentada recentemente co obradoiro de emprego da Xunta de Galicia, na actualidade presenta claras deficiencias de mantemento. A edil afirma, ademais, que “esta é a nota predominante na vila e nas parroquias, así como nos parques e nos xardíns”. É por este motivo polo que a vicevoceira do Grupo Municipal Popular se manifesta tan crítica coas palabras do rexedor. “O señor Suárez atrevese a chamarnos sucios aos ribadenses cando son eles os que teñen todo abandonado, cuns colectores de lixo sucios e un olor que, precisamente, non é a rosas.

**RURAL.** Así mesmo, denuncian “o abandono” no que o BNG ten os barrios e as parroquias da vila. Así o trasladan as edís Elena Sierra e Montse Seijo logo de visita a distintos barrios que, segundo apuntan, “presentan unha falta de inversión absoluta”.

Recentemente, as populares estiveron no barrio dos Galos, que é un exemplo de como o Concello “non garante a igualdade entre veciños”. Anteriormente, segundo explica a vicevoceira, mantiveron reunións cos veciños da Torre, Justo Barreiro, San Miguel, Rúa do Amalló, A Pega, Faxarda e Alza San Lázaro; núcleos que adolecen de accesos axeitados e dunha seguridade que garanta o acceso rodado aos usuarios. Precisamente, Elena Sierra destaca que “levamos a pleno durante estes meses a necesidade da súa mellora e



Arriba, pista deportiva, e abaixo, o estado no que se atopa a área recreativa de Ove

o único que contestaron foi que non estaban tan mal ou que non eran prioritarios. En definitiva, escusas para non investir, pero é inxusto que estean neste abandono”, reclama.

**PISTAS DEPORTIVAS.** O coordinador de Deportes dos populares de Ribadeo, Tito Suárez, pide ao Concello que garanta a seguridade nas inmediacións das pistas polideportivas coa colocación dunha rede protectora. O popular alerta así do risco que supón pasear preto destas instalacións debido á inexistencia de medidas que preserven a integridade dos viandantes que poden recibir, por exemplo, o impacto de balóns. Tito Suárez visitou as pistas de Ove, nas que, precisamente, se pode comprobar como é necesario a colocación dunha rede. O popular constatou, ademais, cos veciños da

localidade que esta é unha demanda reiterada no tempo, xa que, apunta, “as persoas que viven cerca e as que transcorran pola zona poderían facelo máis seguros e tranquilos”.

**O CARGADOIRO.** Os accesos á cala do Cargadoiro, máis próxima ao Forte de San Damián, seguirán pechados debido á inestabilidade do terreo. Así o aconsellan os informes xeolóxicos elaborados por unha empresa especializada na materia. Esa baixada resultou danada polos temporais do pasado inverno ao igual que aconteceu en Rochas Brancas, aínda que neste caso o arranxo xa foi executado. No caso do Cargadoiro tanto os técnicos de Costas como os técnicos municipais concordaban na dificultade de levar a cabo unha actuación que presente a seguridade necesaria para os usuarios.

## Comezan as obras en Vilaframil, Rinlo e varias rúas do centro

Están a realizar obras de saneamento e pavimentación na parroquia de Vilaframil, entre os barrios do Valado e o Campo de San Lourenzo cun orzamento de 45.000 euros e un prazo de execución é de dous meses.

As obras consisten nunha canalización con tubaxe de PVC de 250 mm onde se recollen todos os vertidos dese núcleo e lévanse ata un pozo de rexistro existente que xa está conectado coa rede xeral. A lonxitude do saneamento é de 327 metros, terá nove pozos de rexistro e leva contemplada a reposición cunha capa de aglomerado asfáltico.

Tamén están a realizar varias rúas do casco vello da vila e en Rinlo. O investimento ascenderá a 156.000 euros e o prazo de execución será de 2 meses.

Trátase de actuación nas rúas Virxe Branca, en Rinlo, e nas Catro Rúas e Antonio Otero, en Ribadeo. Desde o Concello está previsto iniciar os traballos de mellora dentro das dúas zonas Ari, en setembro.

No caso de Rinlo as actuacións contempladas para a rúa Virxe Branca, inclúen a demolición das soleiras existentes, a colocación dun pavimento continuo de formigón desactivado con bordillos de granito para a recollida de augas. Tamén se substituirán as luminarias actuais.

No caso da vila levaranse a cabo melloras nas Catro Rúas, onde se levantarán os adoquíns e as baldosas de granito actuais, para colocar novas baldosas de granito tipo Alba. No centro do cruce aparecerá una pedra granítica de 1x1metro co escudo tallado e grafiado do Concello. Así mesmo no comezo ou remate de cada una das Catro Rúas aparecerá tallado o nome da vía.

Na rúa Antonio Otero reconstruiranse e repararanse sobre unha superficie total duns 405 m<sup>2</sup>, incluídas as beirarrúas e o tramo de calzada ata a entrada da Biblioteca Municipal. Do mesmo xeito, substituiranse as luminarias actuais e eliminarán as barreiras arquitectónicas.



CONCELLO DE XOVE



## Os veciños do barrio da Torre seguen reclamando melloras

A comisión de veciños do Barrio da Torre, en Vilaselán, seguen reclamando ao Concello de Ribadeo a ampliación e acondicionamento do camiño ata que “dunha vez por todas se resolva esta inxustiza que se está a facer neste barrio. Non é algo que reclamemos para o noso uso individual ou particular, de ser así pode estar seguro que non o molestaríamos. Trátase dun ben común”, din os veciños.

“Parécenos que 14 anos que leva o alcalde gobernando este Concello, e sendo coñecedor desta situación, incluso antes de ser nomeado alcalde, é tempo mais que suficiente para telo resolto e sen embargo non o fixo”, din dende a comisión de veciños.

“A nosa máxima sempre foi a de levar este tema da maneira mas discreta posible, reunións e escritos que nunca transcenderon mais aló das paredes desa alcaldía. Pois ben, ante a súa negativa a unha solución definitiva, queremos transmitirle a nosa máis rotunda decepción e non nos deixa outra alternativa máis que a de dar a coñecer a toda a opinión pública o que nos pensamos sobre a súa



Dúas imaxes do barrio da Torre

maneira de gobernar, algo no que imos seguir incidindo, engaden.

Así, a comisión de veciños invita a todos os residentes e non residentes de Ribadeo a dar un paseo polo barrio e así comprobar de primeira man ó que están demandando.

Este camiño atópase a 5 minutos a pé da Estación de Autobuses e por iso será “un corto paseo onde poderán contemplar un camiño que segue tendo a mesma anchura que na súas orixes, onde só podían circular as persoas e os carros arrastrados por animais”, din.

Tamén lle piden ao alcalde que “en lugar de pasar polo barrio cada 4

anos o fixera un pouco máis a miúdo para que puidera darse conta da realidade e do día a día dos veciños”.

**CONCELLO.** O Concello anunciou días despois que acometerá importantes actuacións na parroquia de Vilaselán, que terán unha incidencia positiva nas inmediacións do núcleo da Torre. O rexedor asegura que “estamos a traballar actualmente para crear ao final deste ano un carril-bici e temos previsto aglomerar o viario de acceso ao núcleo da Torre, desde as inmediacións da autovía ata o encontro co camiño do Carrancón”.

## O verán contará con música, teatro, cine e actividades

A programación para este verán contará con cine, teatro de rúa en cinco localizacións da vila, exposicións, actividades para as crianzas, concertos ou a actuación de Xacarrandaina son outras das propostas para o terceiro trimestre.

No apartado expositivo atópase a mostra de fotografía submarina do *Galeón de Ribadeo* e en agosto a oficina de turismo acollerá as pezas de modelismo naval de Baldomero Bellón e no Forte de San Damián terán a oportunidade de ver a colección de cunchas e fósiles de David López. Ademais vai ser impresionante para todos os visitantes do Forte a mostra de fotografía que vai ocupar as súas salas con imaxes de África, centradas na muller africana e no seu papel de nai, o título é *A nai que nos pariu*. Durante todo o verán, xestionadas pola área de Turismo, ofreceranse visitas guiadas, visitas teatralizadas e xeorutas polo noso concello. Pódese obter máis información sobre estas visitas e rutas na web de Turismo do Concello de Ribadeo. Finalmente ocupará a rúa a exposición de fotografías que Xulio Xil lle fixo a Xela Arias, a autora homenaxeada este ano nas Le-

tras Galegas. Ademais una mostra de diferente cariz é a que, tamén en exterior, quere achegarnos a unha alimentación sa, o título é *Alimentación cotiá*, unha ollada ao pasado e ao presente.

En canto ao teatro para adultos, e ao abeiro do ciclo Escena Norte da Xunta de Galicia, a compañía cántabra Anabel Díez Producciones presentará no noso auditorio municipal La casa de Bernarda Alba. Para as crianzas, este verán xa podemos confirmar a presenza de Pakolas e de Peter Punk, así como o concerto didáctico de música clásica dentro da programación que se fai en colaboración co Festival Bal y Gay.

Xa en setembro o Concello quere aproveitar ese período máis tranquilo de comezo das clases para garantir que o maior número posible de nenas e nenos coñeza as artes escénicas. Cos dous colexios de Ribadeo, organizado pola Biblioteca Municipal a través do programa Ler conta moito, imos asistir aos espectáculos de Raquel Queizás Teatro dos Ghazafellos e Moc Moc Mere Clown. A maiores, eses mesmos centros poderán gozar da exposición Kinético.

**HR**

Hijos de Ramón Rubal

COMPRAMOS  
MADERA  
PINO Y EUCALIPTO

982 55 86 00

ASERRADERO Y APROVECHAMIENTO FORESTAL

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

www.hijosderamonrubal.es  
alfoz@hijosderamonrubal.es



## EN BREVE

**EXPOSICIÓN.** A exposición *A nai que nos pariu*, dá testemuño da situación da muller no Senegal nunha mostra que conta con máis de 60 fotografías que queren despertar consciencias e devolver un sopro de esperanza a quenes confían nun mundo máis xusto e solidario e son obra de Nacho Samper e Nacho Carballo. A exposición pode visitarse no Forte San Damián de Ribadeo ata o 29 de agosto.

**CHARLA.** O 13 de agosto terán lugar en Ribadeo unha charla e unha observación astronómica. Para poder asistir é necesario inscribirse na Área de Medio Ambiente do Concello. Consistirá nunha conferencia ás 21:30 no Teatro e posteriormente unha observación astronómica na Praza de España.

## Os peregrinos poderán selar as súas credenciais cos móbiles

Ribadeo contará cun catálogo interactivo de produtos e servizos para o peregrino no que participan medio cento de empresas locais, baixo o nome Ribadeo, prepara o teu camiño.

Este proxecto forma parte doutro tamén desenvolto polo Concello, o obradoiro Ribadeo Alén do Camiño, e nace porque o Xacobeo 2021, ampliado ao 2022, constituirá unha oportunidade marabillosa e excepcional, de gran repercusión internacional, para poñer en valor as costumes, a paisaxe, e os oficios. Grazas ás novas tecnoloxías os camiñantes poderán selar as súas credenciais cos seus dispositivos móbiles.

Ademais de que o Camiño Norte a Santiago, que foi declarado pola Unesco Patrimonio da Humanidade hai uns anos, e Ribadeo é a entrada en Galicia do Camiño do Norte cara a Compostela.

Este catálogo é accesible a través de web, onde aparece información detallada de cada un dos establecementos, os datos de contacto, os produtos que ofrecen e tamén información moi particularizada desa gama de produtos específicos e pensados especialmente para o peregrino. O que se lles transmite aos peregrinos que escollen o Camiño Norte é que en Ribadeo van poder atopar todo canto necesitan.

## Invisten no servizo de atención de visitantes nas Catedrais

Destinan 215.400 euros para os vindeiros dous anos, ata maio de 2023, ao contrato de atención a visitantes no Monumento Natural da Praia das Catedrais, en Ribadeo, cuxa formalización vén de publicarse na Plataforma de Contratos de Galicia.

Así o anunciou o goberno galego nunha aposta por unha xestión “que logre compatibilizar o seu uso público ordenado coa divulgación dos seus valores naturais e a súa conservación”.

Nese sentido, referíronse ás medidas de reforzo dos paneis de advertencia, información e promoción e á contratación de guías para que informen aos visitantes e advirtan do que non se debe facer.

O servizo de atención ao público préstase durante os períodos con limitación de acceso á praia, Semana Santa e meses de verán -ata 30 de setembro-, así como en fins de semana ou datas festivas con moita afluencia turística, como o 1 de maio, as Letras Galegas ou as pontes da Hispanidade, de Todos os Santos e da Constitución.

Un dos cometidos é controlar a entrada e informar sobre a normativa de uso do areal. Así mesmo, infórmase dos importes das sancións e dos riscos que poden existir e realízase o seguimento do comportamento dos visitantes. O persoal contratado realiza tarefas divulgativas e visitas guiadas.



Unha vista das obras de saneamento en Cinxe

## Deu comezo a segunda fase do saneamento do barrio de Cinxe

Deu comezo a segunda fase do saneamento do barrio de Cinxe, na parroquia da Devesa. O orzamento ascende a 53.500 euros e será financiado pola Deputación de Lugo, a través do Plan Único, e polo Concello de Ribadeo.

O prazo de execución é de dous meses e o adxudicatario da obra, como mellor oferta, foi para a empresa Desenvollos y Metas S.L.

Estas obras veñen continuar a preparación dos viarios municipais para agora proceder á canalización de tubaxes de PVC que recollan os vertidos desa zona e levalos

ata un pozo de bombeo existente que está conectado á rede xeral de saneamento. A lonxitude total é de 750 metros e terá trece pozos de rexistro. Tamén hai que indicar que haberá un tramo por debaixo da estrada N-634, que irá cunha perforación horizontal dirixida, o que se coñece vulgarmente como toupou. Estas obras tamén contemplan a colocación dunha tubaxe de impulsión de 185 metros de lonxitude e un equipo de bombeo para augas fecais composto por dúas bombas, tipo trituradoras, unha en servizo e outra en reserva.

## A vila acolle o primeiro contacto para recuperar a conservación do río Eo

A directora xeral de Patrimonio Natural da Xunta de Galicia, Belén do Campo, e o director xeral de Medio Natural e Planificación Rural do Goberno do Principado de Asturias, David Villar, mantiveron unha reunión de traballo na Casa do Concello de Vegadeo —na que tamén participou o alcalde, César Álvarez— para avanzar no proxecto conxunto de recuperación do río Eo.

Trátase dun proxecto que se enmarca dentro das actuacións de restauración de ecosistemas e infraestrutura verde, ás que se destinan fondos europeos Next Generation.

O obxectivo é mellorar o estado de conservación dos corredores fluviais atlánticos da Rede Natura 2000. O proxecto, baseado nas boas prácticas extraídas do programa LIFE Fluvial, inclúe a xestión sostible dos hábitats en varias subconcas fluviais atlánticas deste humidal que forma parte de la lista Ramsar.

A actuación dos gobernos de Galicia



Os delegados das dúas autonomías xunto ao alcalde de Vegadeo

e Asturias centrarase en actuar sobre factores de ameaza, como especies invasoras, intensificación de usos ou

problemas fitosanitarios, que provocan o deterioro e fragmentación dos hábitats dos corredores fluviais.

## Convocados dous concursos literarios para a mocidade

O Concello de Vegadeo convoca o I Premio de Poesía en galego-asturiano Ría del Eo. Pode participar calquera persoa maior de idade e poderán presentar máis dunha obra cun máximo de 3 poemas.

O tema é libre e cada autor pode escoller temática e deberán escribirse en galego-asturiano. Haberá un único premio de 1.500 euros. O prazo de presentación das obras remata o 31 de agosto e a decisión do xurado farase pública no mes de setembro. A entrega dos premios será nun acto de celebración das letras que se terá lugar antes de acabar o ano.

Por outra bandaa, a Fundación Parque Histórico del Navia lanza o I Pre-



mio Quiastolita de Lliteratura Infantil destinado a persoas adultas que presenten un relato orixinal e inédito. As propostas deben ser apropiadas para o público infantil e de temática libre. O premio será único cunha cuantía de 1.500 euros máis diploma honorífico. O prazo de presentación remata o 31 de agosto de 2021.

**NUEVA GERENCIA**

**DESAYUNOS MONTADITOS**

**Happy Cafetería Days**

**HORARIO 06:30/ 23:00H**

**CALLE ÁLVARO CUNQUEIRO 22, FOZ**



## A asociación mellora a sinalización dos roteiros de Avelino Díaz

A asociación cultural Avelino Díaz segue a traballar no obxectivo final de conseguir para o poeta local a distinción do Día das Letras Galegas. Para iso o colectivo está a deseñar e acondicionar dous novos roteiros en Meira e Riotorto, especialmente dirixidos aos escolares, co obxectivo de fomentar as visitas dos centros educativos á localidade. O primeiro destes itinerarios xa foi estreado fai o pasado mes de xuño e leva por título Andainas con Avelino. Paseo, poemas e xogos familiares. A satisfacción polo resultado obtido trouxo a idea de continuar con estas ideas, razón pola que están a preparar os novos roteiros. O segundo roteiro que teñen en mente incluíría tamén un dos grandes símbolos meiregos, o Pedregal de Irimia dirixido para os grupos de alumnos de máis



Voluntarios colocando os novos sinais

idade. Este está aínda pendente de rematar o seu deseño. Así, serían tres as propostas vinculadas a Avelino Díaz, xa que actualmente está en funcionamento o roteiro de dez quilómetros que une a casa natal de Avelino, no lugar de Travesa da parroquia da Órrea, en Riotorto,

coa casa na que Avelino viviu en Meira, na Pena. Precisamente neste itinerario están a traballar voluntarios da asociación, que están a renovar toda a sinalización. De feito, colocáronse algo máis de 20 novos indicativos, financiados pola Deputación de Lugo.

## O PSOE critica ao alcalde por ter as pistas e camiños aínda sen rozar

O voceiro Socialista, José García denunciou que o Goberno do PP de Clemente Iglesias, "ten completamente abandonadas e sen rozar as pistas forestais e municipais do Concello". Ademais tamen aludiu á ruta do Ferro, "un atractivo turístico máis da nosa vila que esta desatendida". Así o dixo, tras as queixas que lle trasladaron as propias veciñas e veciños da vila, "quen criticaron esta

lamentable situación". Advirte ademais que "hai pistas da nosa vila que non se tocan dende o ano 2015", e lembra que durante o último goberno progresista de Riotorto "realizáramos unha limpeza en 300 quilómetros de pistas do Concello a través dun Convenio", remarcou. García critica que a "día de hoxe moitas destas pistas están intransitables, o que dificulta o tránsito dos nosos

gandeiros por estas vías así como o traslado ás súas explotacións agrícolas". E insistiu "o Goberno do PP parece que está máis preocupado por saír nos medios de comunicación que por solventar os problemas da veciñanza", remarcou. "Dende aquí emprazamos ao alcalde a que se poñan a funda e se poñan e traballar por mellorar a calidade de vida da nosa veciñanza", resumiu.

## Órrea non terá festa pero si oficios relixiosos, unha charla e unha reunión veciñal

A Asociación de Veciños de Santa Comba da Órrea decidiu un ano máis suspender as festas patronais debido á situación sanitaria, que malia que no Concello non hai casos si é preocupante en toda a contorna. Así, o propio día da festa, o sábado 7 de agosto haberá só oficio relixioso, que será ás 13.30 horas con procesión na honra de Santa Comba e de San Antonio, que estará ao cargo do padre José María Huertas Hermida. Ademais, esa mesma tarde, os veciños organizaron unha charla sobre o Plan Básico Municipal e sobre as

súas repercusións na parroquia. A ponencia estará a cargo de Óscar Fernández, responsable da empresa Xelda, Eido Rural. Será o ás 18.30 horas no local social. Entre outros asuntos analizarse cada caso. Finalmente, o domingo, a asociación celebrará a súa asemblea xeral anual, na que se votará a renovación da directiva, o orzamento, as previsións para este ano e as necesidades actuais da parroquia. A asemblea terá lugar ás 18.30 horas do domingo 8 de agosto, tamén no local social.

## O Concello busca terreos para unha residencia de maiores

O Boletín da Provincia recolle o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Riotorto polo que se destina unha partida de 56.000 euros para a adquisición de terreos que irán destinados á construción dunha residencia da terceira idade no termo municipal. Deste modo, todas aquelas persoas que desexen ofrecer algún terreo coas características adecuadas para a construción dunhas instalacións con estas características teñen de prazo

ata o próximo día 29 para facelo nas oficinas municipais. O anuncio indica tamén que nas dependencias municipais ofrécese información sobre a documentación que teñen que achegar e resólvense as dúbidas que poidan xurdir. Os criterios para a elección do lugar no que o Concello promoverá a construción da residencia atópanse recollidos nuns pregos que tamén se poden consultar nas oficinas municipais.

## O alcalde acusa á Deputación de discriminación polo polígono

O alcalde de Riotorto, o popular Clemente Iglesias emitiu un comunicado no que acusa á Deputación de discriminación coa veciñanza ao ter parado o proxecto do polígono. O alcalde referiuse para isto ao anuncio da Xunta de Goberno da Deputación de que financiarán a redacción do proxecto do polígono industrial da Fonsagrada. "En Riotorto, xa temos o proxecto de urbanización do polígono industrial e todas as autorizacións sectoriais, solo falta sacalo a licitación polo importe de 402.000 euros, cousa que ten que facer a Deputación, explica Iglesias. Afirmar por tanto que as empresas locais de Riotorto e os veciños "sentímonos discriminados polo ente provincial e polo seu presidente, no que as inversións en parques industriais dependen da cor política de quen governe no Concello. Fonsagrada SI,

Riotorto NO". O mandatario engade que Riotorto necesita un polígono industrial xa, "as empresas locais demandan este tipo de infraestrutura para conseguir emprego local e unhas parcelas industriais para o desenvolvemento económico do noso municipio". Critica tamén aos concelleiros do PSOE no Concello "que non queren que se faga en Riotorto o polígono industrial, e están a boicotear calquera inversión da Deputación". "Non queremos e non vamos a permitir que a Deputación discrimine a un municipio pola súa cor política e advertímoslle que non vamos a permitir que existan cidadáns de primeira e de segunda.", ameaza o alcalde. Engade tamén que desde o pasado 8 de xaneiro están esperando a concesión dunha entrevista con Tomé para abordar este asunto.

**CAMPAMENTO CELTA**

PARA ADULTOS Y NIÑOS

SITÚANOS  
43° 12' 13N  
7° 31' 46W

INFORMATE SIN COMPROMISO  
BAR DE LA IGLESIA N° 17 - 37377 XERMAR (COSPEITO) TELFS: 680 559 991/672 163 803

Organiza con nosotros las fiestas de empresa, fiestas de cumpleaños, despedidas. Nos desplazamos a donde quieras para tu comodidad.



## a pontenova

## Presentan o proxecto da tirolina e a ampliación do seu polígono

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e o alcalde da Pontenova, Darío Campos, presentaron nesta localidade o proxecto do novo complexo histórico-recreativo da mina Consuelo-Bouloso, que inclúe a que será unha das tirolinas máis longas de Galicia, con máis de 330 metros de lonxitude e a 50 metros de altura. A institución achega 300.000 euros para esta dotación.

“Penso que esta tirolina se vai consolidar como un referente do ocio activo e familiar na provincia, pero tamén fóra nas nosas fronteiras. Polo tanto, vai situar nun novo nivel á xa moi interesante oferta turística da Pontenova”, dixo o Presidente da Deputación na súa intervención.

José Tomé detallou que “estamos a falar dunha obra importante e singular”. Explicou que é “importante” tanto polo investimento económico, porque a Deputación de Lugo aporta 300.000€ para que este novo recurso de lecer e turístico sexa posible, e ademais cede o tramo de estrada provincial no ámbito de influencia da tirolina; e importante tamén porque “a tirolina que se instalará no complexo será das máis longas de Galicia, con máis de 330 metros de percorrido, entre a mina Consuelo e o forno de Bouloso”.

Concretou, así mesmo, que é “singular” pola súa localización, “xa que contribúe a recuperar para o ocio e o disfrute dos veciños e visitantes a ruta que facían as vagonetas con mineral das vellas minas da comarca. Deste xeito, unimos ocio e cultura, impulso do turismo e promoción da nosa historia”, afirmou Tomé Roca.



O presidente da Deputación, visitando o lugar onde se fará a tirolina

**O PROXECTO.** O complexo histórico-recreativo da mina Consuelo-Bouloso será máis que un parque de aventuras. Está pensado para que as persoas vivan unha experiencia única, con encanto, un espazo para o lecer integrado na natureza e que aproveita o legado mineiro da vila para o goce dos visitantes dende múltiples puntos de vista: cultural, deportivo, educativo e recreativo.

A tirolina recrea o antigo funicular aéreo da mina e será un elemento

máis dentro dun conxunto de actividades enlazadas entre si. Agárdase que sexa unha experiencia moi atractiva e que se construíra ata 50 metros por riba do chan e terá máis de 330 metros de lonxitude, sendo unha das tirolinas máis grandes de Galicia. Atravesará o río Turia, cruzando da ladeira da mina Consuelo ata a mina do Bouloso.

A espeleoloxía, xunto co sendeirismo, tamén serán outras das actividades que se fomentará no complexo.

### Nova fase do polígono

A Pontenova avanza na tramitación administrativa para ampliar o polígono empresarial deste Concello cunha nova fase que ocupará unha superficie de 10.313 metros cadrados.

Con esta ampliación habilitaranse seis novas parcelas que ocuparán en total 5.140 metros cadrados, o

que supón unha dimensión media de 856 m<sup>2</sup> por parcela. Tamén se definirán estruturas viarias e algo máis de 1.000 m<sup>2</sup> de zonas verdes. O Goberno galego prevé que este ano Xestur poida iniciar a compra dos terreos necesarios para a expansión do polígono e licitar o proxecto de urbanización.

### A Escola Municipal de Música abre o prazo de inscrición

A Escola Municipal de Música da Pontenova vén de abrir o prazo de matrícula para este novo curso, que será ata o 30 de xullo e despois volverase abrir a partir do 1 de setembro e ata rematar prazas.

Existen diferentes materias de ensinanza na escola como linguaxe musical, armonía, acordeón, gaita, percusión, guitarra, baixo, piano e canto. O prezo é de 20 euros por materia excepto en coro que son 12, e ademais existen reducións no caso de matrícula en máis dunha materia ou máis dun membro da familia matriculado.

As inscricións poden facerse polas mañás na escola e solicitar máis información no 650 348 12.

### Cine ao aire libre, teatro, música e xogos para o verán

Cine ao aire libre, teatro, danza, música e xogos acuáticos no Pozo do Ola serán algúns os protagonistas das actividades de verán que organiza o Concello. “Presentamos unha ampla selección de actividades nas que poden participar toda a familia, ademais este programa que se celebrará dende finais de xullo e agosto é completamente gratuito” dixo Campos Conde.

**PROGRAMACIÓN.** O Pozo do Ola será o escenario doutro inesquecible verán con xogos acuáticos, que serán os días 12, 13, 14 e 15 de agosto. A programación destas

actividades fluviais, de balde e para todos os públicos, desenvólvese en espazos naturais e inclúe atraccións con inchables e moitos xogos. Seguirá o mes coa actuación musical dos Piñeiros, o día 6 ás 22.30 horas. Xa o 13 ás 22.30 horas o protagonista será o Circo do lume, que inclúe números que mesturan técnicas de baile con malabares, manipulación, pirofasia e humor. A Banda da Loba actuará o día 21 de agosto ás 21.30 horas, e por último haberá maxia da man de David Méndez, o día 28 de agosto ás 20.30 horas. Todas estas actuacións celebraranse tamén na Praza dos Fornos.

## A Xunta autoriza a licitación da futura planta de biorresiduos

O Consello da Xunta autorizou a licitación da obra e posta en marcha de dúas das catro plantas de compostaxe industrial —unha por provincia— que estarán integradas na nova rede galega de valorización de residuos orgánicos. Trátase das instalacións de Cervo e de Verín (Ourense), por un importe total de máis de 14 millóns de euros.

Así, con estas dúas novas instalacións, xunto con outras dúas das mesmas características —Cerceda, xa finalizada, e Vilanova de Arousa— e co apoio de 13 plantas de transferencia que están a ser adaptadas, Sogama fará posible que a gran maioría dos galegos dispoñan dunha planta de biorresiduos ou de transferencia a menos de 50 quilómetros de distancia.

A previsión é que cada infraestrutura produza cada ano 1.500 toneladas de compost de alta calidade. Ademais, ambas estarán dotadas coas tecnoloxías máis innovadoras, co fin de que acaden a maior eficiencia, e tamén contarán cos mecanismos necesarios para minimizar o impacto sobre a

contorna como potentes sistemas de depuración de augas, cheiros e control de rúidos, alimentándose con enerxía renovable a través de paneis solares. O obxectivo é que entren en funcionamento a finais do ano 2022.

A planta de Cervo, cuxas obras se licitarán por un importe de 6.939.829 euros, estará localizada no polígono de Cuiña e ocupará unha superficie de 8.000 m<sup>2</sup>, tras a adquisición o pasado 9 de xuño, por parte de Sogama ao Instituto Galego da Vivenda e Solo, de cinco parcelas por un orzamento de máis de 238.000 euros.

Nesta nova instalación realizaranse todas as fases dun proceso de compostaxe, é dicir, a xestión da materia orgánica —pretratamento, fermentación, maduración e almacenamentos—, para o que se construíra unha nave de 3.500 m<sup>2</sup>. Está dimensionada para poder dar servizo a 15 municipios, pertencentes na súa meirande parte á comarca da Mariña lucense, cubrindo unha poboación duns 70.000 habitantes.

## O saneamento chega a 2 núcleos de San Román



Presentación do proxecto de saneamento

O Concello destinará 77.355,45 euros procedentes de fondos municipais, para levar o saneamento aos núcleos da Alleira e O Cal, na parroquia de San Román de Vilaestrofe.

O rexedor, Alfonso Villares, e a tenente alcalde, Dolores García Caramés, mantiveron un encontro cos pedáneos da zona, Antonio Vila e Plácido Pérez, e cunha representación da veciñanza, para explicarlles o proxecto que se executará nos vindeiros

meses. Os traballos consistirán na creación da rede de saneamento de augas residuais e na renovación do pavimento nestes tramos da vía.

Así, crearase unha nova rede de sumidoiros, renovarase as acometidas domiciliarias, procederase a apertura de gabias e á instalación das correspondentes arquetas e pozos de saneamento e á execución de cunetas de formigón e á reposición, finalmente, do firme asfaltado.



# “Temos que conformarnos polo de agora con pequenas xuntanzas”

José Antonio Lozano, presidente da asociación cervense Fol do Raxal

Falamos con José Antonio Lozano, presidente da asociación cervense Fol do Raxal, a cal se reúne todos os domingos no Paseo dos Namorados para ensaiar e alegrar o día aos veciños e visitantes.

## Como xurdiu a asociación Fol do Raxal?

Esta asociación xurdiu coa idea de recuperar a tradición musical e a música en vivo. Xa eramos amigos que nos xuntabamos para facer foliadas ou cantos de taberna. E así a finais do ano pasado decidímonos a constituír oficialmente a asociación.

## E o nome tan curioso?

O nome é unha homenaxe ao lugar onde comezamos a ensair e a reunirnos que se atopa na parroquia de Senra, alí os veciños deixáronnos un local social e gustounos o sitio. E aínda que xa non seguimos nese local, mantemos o bonito nome.

## Cantos sodes?

A Asociación Fol do Raxal está

composta por Manuel Pérez como vicepresidente, Rubén Cereijo secretario, David Moreiro tesoureiro, Elías Gándara e Ramón Ron vogais, e polo presidente que son eu. Somos os membros fundadores pero agora tamén incorporamos a José Antonio no tamboril, a Mari Sol no bombo e a Iria e Sonia nas pandeiretas. A familia de Fol do Raxal vai medrando.

## Uniuvos a paixón pola música?

Sempre nos gustou tocar a nivel individual pero é moito mellor xuntarse para tocar e desfrutar da música. Todos compartimos o gusto pola música tradicional galega.

## Que obxetivos teñen?

Esperamos que cando comece a remitir a pandemia poidamos facer algún concerto e así tamén que se nos coñeza e se poida unir máis xente á asociación. Tamén nos gustaría comezar con algunha outra actividade, pero aínda está todo no aire. Contamos con camisetas e chapas que temos á venda

nos lugares de ensaio para que todo o recadado revirta na organización de actividades futuras.

## Que instrumentos tocan?

Temos gaitas, acordeón e tambor, e con elas tocamos as pezas tradicionais que son máis coñecidas para nos. Pero non descartamos engadir algún tema propio nun futuro. Nalgún ensaio únense tamén algunhas persoas a tocar con nós e moitas veces de forma improvisada, como algunha pandeiretas ou outros gaiteiros.

## Como viviu a asociación a pandemia?

A verdade é que nos limitou bastante pois non había xuntanzas nin eventos, pero como somos un grupo de recente creación polo menos non nos afectou tanto como a outros. De momento só podemos xuntarnos para ensaiar pois non podemos facer ningún tipo de concerto.

## O bo é que ensaian ao aire libre neste tempo, non?



Si, normalmente xuntámonos os domingos polas mañás pois todos traballamos ou temos que atender á familia. Escollemos un lugar ao aire libre que nos gusta moito como é o Paseo do Namorados en Sargadelos pois é un espazo aberto con mesas e bancos e no que nos sentimos cómodos. Ademais alí neste tempo hai turistas que paran para escoitarnos e vernos tocar e incluso algúns preguntáronos se nos poden gravar ou sacar fotos. Tamén solemos tocar en algunha ocasión na praza do Souto.

## E no inverno contarán cun recuncho onde poder xuntarse?

O Concello de Cervo acondicionou unha parte das Escolas Vellas de San Román para destinalas a lugar de ensaio das diferentes agrupacións locais. Así que teremos un lugar onde cubrírnos durante o frío inverno.

## Como ven o futuro?

Penso que todos temos ganas de festa e de saír e divertírnos pero as cousas non están moi claras e somos conscientes da situación, así que toca esperar porque o primeiro é a saúde. Nós conformámonos polo momento con ensaiar e desfrutar das pequenas xuntanzas.

## Melloran as vías de comunicación na parroquia de Sargadelos

O Concello de Cervo acometeu traballos de mellora de distintas arterias de comunicación da parroquia de Sargadelos. En concreto, actuouse nun tramo de case 2,5 quilómetros que se corresponde co camiño que discorre desde o cruce da Casa da Administración ata o cruce da Ponte do Rego.

O alcalde de Cervo, Alfonso Villares, explicou que a obra foi concibida co obxectivo de mellorar o firme do camiño sen variar a súa natureza, conseguindo unha boa evacuación e drenaxe das augas pluviais coa execución de canles, cunetas ou medios canos ao longo de todo o seu trazado.

Así mesmo –engadiu– tamén se realizou a limpeza dos pasos salva cuneta e a reposición dos que se atopaban deteriorados e colocouse a sinalización vertical necesaria para mellorar a seguridade viaria do camiño.

Esta actuación completárase con outras obras como unha mellora da rede de saneamento de auga.

## Comezan as actividades de Enredando no verán e Noites Alternativas

O Concello volve apostar para os meses de xullo e agosto polas Noites Alternativas e polo programa Enredando no Verán, adaptando as actividades á situación sanitaria e priorizando as iniciativas individuais e ao aire libre. Os programas xa comezaron e contemplan un amplo abanico de posibilidades pensadas para todos os públicos.

Este mesmo xoves, por exemplo, terá lugar a proxección do filme *Cuñados* ás 22.30 horas, na praza do Lugar en San Cibrao. A actividade é de balde e o aforo é limitado. As persoas interesadas en asistir deben anotarse no mesmo lugar do evento ás 22:00 horas.

A axenda das Noites Alternativas tamén contempla rutas en Kaiak, rutas nocturnas en bici, paddle surf, maxia, teatro, deportes de aventura, aerofit, rutas de sendeirismo, noites de orientación...Todas as actividades serán ou en Cervo ou en San Ciprián, a partir das 21.00 horas.

Pola súa banda, o programa Enredando no Verán está pensado para as crianzas, e incluírá piragüismo, in-



Unha das actividades que se están a realizar dentro do Cervo Concilia

chables, un laboratorio de perfume, un circuíto de seguridade vial, un taller de cómic, bádminton, surf...

Esta programación atópase incluída dentro do proxecto Cervo Concilia, para axudar ao coidado dos menores durante e etapa estival.

Tanto As Noites Alternativas como o programa Enredando son de balde, e desenvolveranse de luns a xoves.

A oferta lúdica – cultural complétase cun curso de ioga infantil que terá lugar os martes, (para nenos de 6

a 9 anos; de 11.30 a 12.30 horas) e os Xoves (para crianzas de 10 a 12 anos; 11.30 a 12.30 horas), na Casa do Mar de San Cibrao baixo inscrición previa na Casa da Cultura ou no 691 65 66 00. Tamén se ofertarán bicis eléctricas en aluguer na praza do Campos, o 10, 11 e 24 de xullo e o 7, 8, 21 e 22 de agosto.

Ademais haberá rutas con guía turístico. Serán o 17, 18 e 31 de xullo; e o 1, 14, 15, 28 e 29 de agosto; con inscrición previa.

## EN BREVE

**EXPOSICIÓNS.** O Concello de Cervo acollerá neste mes de agosto dúas mostras de pintura que foron inauguradas a fin de semana do 1 de agosto. Así, o sábado abriu no edificio das Carboeiras, en Sargadelos, a exposición de Ángel Picos, Diego Pérez e Sergey Sozonov, con aforo limitado e que se poderá ver ata o 30 de agosto. Logo o domingo tivo lugar a inauguración da mostra *Azul*, de Blanca Dacal, que é unha homenaxe aos veráns que pasou en San Ciprián. Poderá visitarse ata o 15 de agosto na casa da cultura.

**GRUPO MISTURA.** O Concello de Cervo colabora coa agrupación Mistura de Lieiro mercando diferentes complementos para os seus traxes tradicionais. O Grupo Mistura conta con preto de 70 integrantes –entre músicos e bailaríns–; e que tamén fai unha función fundamental para inculcar o folclore galego entre os máis novos” –xa que suma máis de 40 nenos nas súas filas-. O Concello de Cervo mercou medias, monteirras, panos de diferentes tamaños, faixas e tellas adaptadas aos traxes tradicionais elixidas pola agrupación.



## O Concello rehabilitará cunha axuda o hórreo de San Paio

O Concello de Mondoñedo rehabilitará o hórreo de San Paio. A entidade local e a Xunta de Galicia, ao abeiro da axudas para actuacións de mellora paisaxísticas e de embelecemento de bens e recursos que se atopan na ruta Xacobeá, cofinancian esta iniciativa para a que xa se iniciaron as expropiacións.

En total, o proxecto conta cun investimento que supera os 10.300 euros, dos que o 75% son aportados pola administración autonómica e, o 25% restante, con fondos propios. As actuacións de conservación e restauración realizaranse preferentemente utilizando os materiais e técnicas construtivas tradicionais, neste caso a lousa irregular. De constatare deficiencias na pedra que comprometan a seguridade estrutural, procederá a consolidar os muros. Ademais, manterase a revocadura en tons ocres, característica das comarcas de Ribadeo e Mondoñedo.

Por outra banda, de ser precisa a limpeza de pedra, esta farase manualmente con cepillo de cerdas



Hórreo de San Paio

vexetais, empregando auga e xabón neutro, respectando as pátinas existentes e se eliminar os liques. Para o cumio non se admiten materiais metálicos, tellas ou outros elementos alleos á tradición. Os elementos da estrutura de madeira que se deban substituír manterán a mesma escuadría. Recuperaranse os elementos pétreos da cuberta (turulecos) e procederá á impermeabilización da parte superior dos muros da fachada.

## O PSOE pregunta pola obra da Ponte de Arco en Masma

O grupo socialista interesouse na pasada sesión plenaria polo proxecto para reparar a Ponte de Arco en Masma, pola situación para recuperar a auga no río dos Muíños, así como a retirada dos eucaliptos que hai detrás das vivendas deste barrio. O Grupo Socialista de Mondoñedo preguntou en que situación se atopa a negociación con Augas de Galicia para recuperar a auga no río dos Muíños, e sobre si se presentou algún proxecto? “Comunicáronos que se xa se presentou un proxecto e prevén que sexa aceptado”. E sobre os eucaliptos que hai detrás das vivendas, dende o Goberno Municipal explicaron “que non ían pasar outro inverno alí”.

Tamén preguntaron sobre o estado no que se atopan as obras na Praza da Catedral. Dende o Concello avanzaron “que terán que estar adjudicadas arredor do 9 de setembro”.

## Musealizan a obra e vida de Leiras Pulpeiro cun novo espazo



Imaxes do museo de Leiras Pulpeiro

O Concello musealiza a obra e vida de Leiras Pulpeiro. Tal é así que o auditorio acolle unha exposición sobre esta figura literaria, composta dun espazo inicial instagramable que recorda a un rincón dun salón burgués do cambio do século. Tamén se pode ver ao poeta nas súas diferentes facetas, como doutor e home próximo ao seu tempo, achegándonos na primeira vitrina

aos cambios que no momento da súa vida estaban a suceder no mundo como a electricidade e o teléfono. Outra opción que ofrece a exposición é observalo na súa condición de escritor tanto coa súa produción en vida, como en todo o efecto que causaría nos seus coetáneos logo do seu pasamento e durante as seguintes décadas ata a actualidade.

## O Mercado Medieval adáptase ás circunstancias sanitarias

A organización da próxima edición da Feira Medieval, a celebrar en agosto, terá algúns cambios co fin de adaptala ás esixencias do actual momento na crise sanitaria.

Unha destas medidas é programar o seu desenvolvemento en dous (ao sumo, tres) espazos e con menor número de actuacións con respecto a edicións anteriores.

O programa está adaptado ás actuais condicións sanitarias e foi consensuado coa asociación Pasatempo e coa oposición municipal. Na organización da Feira respectarase escrupulosamente as medidas sanitarias preventivas fronte aos contaxios por covid-19.

A Praza da Catedral será o escenario das actuacións. A Praza do Seminario estará dedicada á venda de produtos ecolóxicos e artesanais. O goberno municipal baralla unha terceira ubicación para os postos, que estarían nun lateral da Rúa da Fonte.



O Mercado Medieval será o 13, 14 e 15 de agosto

En relación coa praza do Seminario, este ano suprimiranse algunhas disposicións da normativa pola que se rexe o mercado medieval. A adjudicación farase por orde de entrada, dando preferencia á territorialidade, é dicir, municipio, provincia e comunidade autónoma; nesta orde. O pago efectuarase a través da conta de recadación do Concello, sen fianza, cunha declaración xurada e con base na ordenanza

fiscal número 13. A montaxe efectuarase o venres, día 13, dende as 15.00 horas ás 19.00 horas.

Segundo a programación prevista tanto o sábado como o domingo) haberá numerosas actuacións de rúa como Camiñantes Brancos, Os Díaños, As Árbores, Himnodium, o Gran Dragón, Odaiko y Á Brasa. Tamén haberá circo de rúa con Circadas, Dosequilibrados, Perruseta e Ojaldrino.

## Os Muíños ten un novo veciño



Vistas do veciño dos Muíños

O barrio do Muíños de Mondoñedo ten un novo veciño, o señor Rato Pérez, así, o comunicou a Asociación Barrio dos Muíños para que veciños da vila e turistas

podan visítoalo.

Atópase na rúa das Moscas fronte do Valeco, e dende a organización esperan que tanto “grandes e pequenos” podan visítoalo.



**PISTA DE PÁDEL.** O Concello de Mondoñedo anunciou que as tarefas de mantemento da pista de pádel do complexo deportivo Viña das Veigas xa están finalizadas.



**CURSO 2021/2022**  
Contáctanos hoy para  
reservar tu plaza para el  
nuevo curso

982 103 377  
605 738 247

SCAN ME

...where English is fun! [www.docklandsacademy.es](http://www.docklandsacademy.es)



mondoñedo

## Volven os Seráns de lecer e o Merlín Fest

O Concello de Mondoñedo comeza este xoves día 8 cos Seráns de lecer. Esta é unha programación alternativa do verán mindoniense, que conta cunha xornada de xogos populares adicados á infancia e xuventude e música polas rúas do Concello.

Será dende as 20.00 ata as 22 horas en diferentes lugares da vila como o auditorio, a praza do Concello e da Catedral.

Aínda que xa comezaron seguirán o xoves día 5 de agosto ás 20.30 horas, con Garufa Big Band, na praza do Concello, o venres día 6 ás 20.30 horas, con Pulpiño Viascón e ás 22.30 horas Camiño estrelas mirando o ceo. O xoves día 12 ás 20.30 horas, será a quenda de *Cousas* da casa de Ton Arenas, na praza do Concello, o 13 agosto ás 20.30 horas, haberá un espectáculo musical, o día 19 ás 22.30 horas, será a quenda do cine mudo con música en directo na praza do Concello, o venres día 20 ás 20.30 horas, poderase desfrutar dun monólogo de Touriñan, Carlos Blanco e Federico Pérez, e ás 22.30 horas, Música para mil primaveras, na praza da Catedral.

Xa o sábado 21 haberá un concerto de piano e orquestra de Juan Rezzuto Haydn, na Catedral, o 22 e 26 de agosto, será o Festival de música clásica Bal y Gay e do 26 ao 29 de agosto será a fin de semana da maxia.

**MERLÍN FEST.** O Concello acollerá unha nova edición do Merlín Fest, cunha programación cultural e de lecer adaptada á actual situación sa-



nitaria. A música será o fío condutor dos sábados nestas iniciativas e así, o 7 de agosto haberá unha actuación de Forget La France, o día 14 co Grupo Xuventude e o 11 de setembro con Superglú. As actuacións serán na praza do Concello ás 22.30 horas. Por outra banda, os domingos serán os aperitivos do Merlín ás 13.00 horas, e nesta ocasión o día 1 de agosto desfrutarse da música do Dúo Zafiro na praza de San Xoán e o 8 de agosto de Miquel Allué na praza da Catedral. Xa o 15 e 22 de agosto poderase desfrutar de Puzzle animación na praza do Concello en xullo, e na de San Xoán e na avenida de San Lucas os respectivos días.

**OBSERVATORIO.** O Observatorio Astronómico Ramón María Aller organiza unha iniciativa de Astronomía Itinerante para coñecer mellor o ceo. Nesta ocasión Mondoñedo acollerá o día 6 de agosto ás 22:30 horas desde a praza da Catedral esta actividade. Para participar é necesaria a inscrición no Concello.

ourol

### Os veciños do municipio poderán ir a Viveiro en bus

Os veciños que queiran desprazarse a Viveiro no bus da liña Arriva, poderán facelo na tempada non lectiva todos os luns e xoves coas seguintes rutas e horario: Navallo de Abaixo (Silán) a Viveiro sairá ás 7.58 horas e chegará ás 8.55 e de Viveiro a Navallo de Abaixo (Silán) será a saída ás 12.30 e a chegada ás 13.27 horas.

As paradas que realizará ao longo do traxecto serán Navallo de Abaixo, Candeal, Torre, Vilabuín, Leborín, Leonte, O Carme, Os Currás, Nogarido, Belsar, Oroul, A Cadavosa, A Revolta, Merille (Pobo), Merille (Estrada), Vilares, Landrove, CEIP Santa Rita (Galdo) e Viveiro (Estación de Autobuses).

### Proxección do filme María Solinha ao aire libre o 8

Dende o Concello de Oroul vaise levar a cabo a proxección do filme *María Solinha* ao aire libre contando coa presenza do director, Ignacio Vilar. Antes da proxección do filme terá lugar unha presentación ao público por parte do director, seguidamente proxectarase o filme e a continuación abrirase un coloquio co director.

Será o 8 de agosto de 2021 na praza detrás do Concello ás 22.15 horas e garantiranse todas as medidas de seguridade, aforo, hixienización, etc, derivadas da situación actual da covid-19. Esta actuación englobase dentro do ciclo de Cine na Rúa.

trabada

## A localidade acollerá este mes un amplo programa cultural

O Concello de Trabada fai público o programa dos eventos culturais deste verán, que comezaron o 28 de xullo e durarán ata o vindeiro 31 de agosto.

A selección das actividades programadas polo goberno local inclúe diferentes espectáculos dirixidos a un público familiar que terán lugar na praza do Concello de Trabada.

“A programación que propoñemos busca ofrecer opcións para todas as idades, apostando pola cultura segura ao aire libre e garantindo en todo momento as recomendacións e protocolos sanitarios”, subliña a alcaldesa de Trabada, Mayra García Bermúdez. Durante os festivos locais deste ano, o Concello de Trabada programou dúas actuacións musi-



cais. O domingo 15 de agosto será a quenda da Banda de Música de Ribadeo, e o luns 16, día de San Roque, actuará a agrupación Arco da Vella.

Nesas mesmas datas, o goberno local programou dúas proxeccións de películas, o venres 14 de agosto *O que arde*, de Oliver Laxe, e o sábado 15 a comedia *Cuñados*, tamén con protagonismo galego no elenco de actores

e actrices.

Ademais, a estes eventos súmanse varias actuacións dirixidas ao público familiar. O xoves 13, a compañía teatral Bandullo Azul representará *Flipa cos contos*. O venres 14, a maxia chegará a Trabada da man dos Magos Xacobe e Kayto co espectáculo *2 magos alokaytos*.

A compañía Viravolta Títeres ofrecerá o seu espectáculo *A maleta de Don Attilio* o sábado 15, mentres que o domingo 16 chegará a actuación musical *Cores, contos e Rock n'Roll con Ramona Órbita*, a cargo da compañía Pakolas.

Por último, a agrupación Paporrubio pechará a programación cultural do Concello de Trabada o 31 de agosto co espectáculo *Varietés do animalario*.

xove

### O Concello convoca actividades ambientais e deportivas

O Concello prepara actividades de Conecta co medioambiente. A primeira delas, Coidando o noso entorno, deu comezo o día 31 de xullo na urbanización Palmeiro para nenos a partir de primeiro de Primaria. Consitiu en saídas andando ás 11.00 horas dende a marquesiña do bus do Concello.

Tamén o 9 de agosto no centro xuvenil será o obradoiro Trampeo

Antivelutinas en horario de mañá de 10.00 a 14.00 horas. Esta actividade está destinada para nenos maiores de 10 anos.

Tamén haberá os martes e xoves de agosto na praza do Centro Cívico jumping e aero fitness. As clases de jumping serán os martes ás 10.30 horas e o fitness os xoves ás 20.30.

Para participar é necesario anotarse na OMIX.

### O colectivo local Medorra prepara os Domingos a remollo

A asociación de festexos A Medorra continuará as xornadas do 8, 15, 22 e 29 de agosto, en horario de 16.00 a 19.30 horas, os Domingos a remollo. Nesta actividade haberá saídas en kaiak e padel surf, alternando actividades cada domingo e farase na praia de Lago.

Tamén terán rutas nocturnas en bicicleta o 3 de agosto con saída na praza do Centro Cívico de Xove e será para maiores de 10 anos.

**Chegou a hora...  
... a hora do**

# ARNAO VERMUT

**O NOSO VERMUT**

Produto de

**CASTILLO SAN DAMIAN**  
Discosta Norte S.L.

Dompniñor, 12. 27715 Ribadeo  
982 128 900  
www.discosta.com



## Reunión informativa sobre o vindeiro curso escolar

O Concello de Alfoz terá unha reunión informativa sobre o curso escolar 2021-2022 o 25 de agosto ás 20.00 horas no salón de actos da casa da cultura. Neste acto informárase ás familias e estudantes dos servizos, programas e axudas cos que o Concello de Alfoz conta para o alumnado dos distintos niveis educativos.

O Programa de Conciliación no que se inclúen o Servizo de Madrugadores, OES (ocio e estudio) e Inglés para o alumnado do CEIP Castro de Ouro de Alfoz que, de xeito totalmente gratuíto pode desfrutar da ampla oferta de actividades fóra de horario lectivo desde o primeiro ata o último día de curso.

As escolas deportivas municipais, que ofrecen patinaxe, fútbol campo e fútbol sala, desde outubro ata maio tamén son gratis. Haberá novidades na biblioteca, que se

está a remodelar por completo, incorporando unha sección propia de igualdade chamada Recuncho violeta, e que contará con libros, xogos, novos dispositivos dixitais e que un ano máis contará con todas as lecturas obrigatorias nos centros educativos onde estuden os rapaces do Concello.

O Concello ademais, presta un servizo para todos os que necesiten pedir a tarxeta de estudante de autobús para desprazarse a estudar BAC e FP nos diferentes IES da Mariña, así como becas de transporte do Concello que todos os anos se conceden para cubrir os gastos xerados por estes desprazamentos.

Tamén terán cun servizo para tramitar as solicitudes das becas do Ministerio de Educación para o alumnado de BAC, FP e Universidade, sempre de xeito gratuíto.

## O Concello inicia o verán con numerosas obras en execución

O alcalde de Alfoz, Jorge Val, indicou que o Concello está sumerxido nun amplo abano de obras para a tempada de verán a outono. Así, comezarán coa escola do Pereiro, a cal vaise rehabilitar para crear un aula de natureza. “As obras aínda non comezaron e teñen un orzamento de arredor de 30.000 euros cunha subvención do Goberno galego”, dixo o alcalde. “Xa temos a subvención concedida e sacáremola en breves a concurso. Terán que comezar as obras rápido pois teñen que estar rematadas en novembro”, engadiu. No tocante ao deporte o Concello vai crear unha pista de pádel nunha parcela fronte ao Concello con cargo a unha subvención de preto de 30.000 euros. “Esta obra atópase en fase de contratación e terá que estar rematada en outubro”, informou Val. Tamén están inmersos noutra subvención de Augas de Galicia para as obras da captación da ETAP do depósito de Adelan que conta cun orzamento duns 25.000 euros co “que se traballará ademais nas instalacións e



Escola da Pinguela, Lagoa

poñeremos un equipo de filtración para mellorar a calidade da auga”, di o rexedor alfocego.

Outra das obras que dará comezo de inmediato será a da ponte de Guilfonso, pois “a obra xa está contratada e terá unha duración dun mes”. Estas tarefas son para a reposición da ponte xa que foi derrubada durante un temporal por unha enchente. As obras de construción teñen un orzamento de 100.000 euros.

Por outra banda, vaise rehabilitar unha vivenda de titularidade municipal no municipio co fin de destinala a alugueiro social. Así, Alfoz contará cunha axuda de 33.000 euros para facer un espazo de uso residencial no primeiro piso dun edificio antigamente ocupado pola escola do núcleo da Pinguela. Para iso, prevese actuar na envolvente, distribución interior, albanelería, instalacións e acabados, entre outras melloras.



Fotografía gañadora de Alberto Díaz, O Escouridal desde o aire

## Xa hai gañadores do II Concurso de fotografía Alfoz en primavera

Xa hai gañadores do II Concurso de fotografía Alfoz en primavera, no que Alberto Díaz Rivas da Coruña, coa súa fotografía *O Escouridal desde o aire* fíxose co primeiro, dotado con 300 euros e diploma. O segundo e terceiro premio foron para a vilalbesa Verónica Rey Nieto con *A ras do chan que leva* e *Galea, desde a outra beira do río*, dotados con 200 e 300 euros e diplomas.

O Concello de Alfoz quixo agradecer a todos os participantes as súas fotografías, que pasarán a formar parte da Exposición de levará o mesmo nome do concurso prevista para principios de novembro no Castelo de Castro de Ouro.

Este concurso forma parte da promoción turística do Concello de Alfoz e está subvencionado polo Plan Único da Deputación.

## VIA Alfoz renovou o seu grupo municipal

A Dirección Executiva de VIA Alfoz, vén de ratificar a decisión de renovar os membros do grupo municipal no Concello de Alfoz. Así, Xabier Pardiñas Suárez e Carmen Geada Maseda, actuais membros do grupo municipal, deixarán paso a Efigenia Maseda Paz e Eliseo Lorenzo García. Segundo indica a Dirección Executiva de VIA Alfoz, “cumprida a metade da lexislatura, trátase de darlle participación a novos membros do partido nos órganos colexiados do Concello”. Subliñan ademais que a renovación se enmarca “nun contexto de absoluta normalidade, cunha transición ordenada e consensuada polo partido”. Ademais, Xabier Pardiñas e Carmen Geada continuarán colaborando cos novos membros, saíndo así reforzado o grupo municipal. Efigenia Maseda, Presidenta de VIA Alfoz, indica que “con esta rotación no desempeño das funcións de concelleiros estamos a afianzar a razón pola que xurdiu VIA na política local hai 6 anos.”.

## A fibra óptica de Adamo xa está activa no Concello



Un operador de Adamo, traballando

A fibra óptica de Adamo xa está activa en Alfoz. Por agora, son só un puñado de vivendas as que contan con sinal. Con todo, a compañía estenderá proximamente a súa rede polo conxunto de parroquias deste Concello lucense. Ademais, non se trata de calquera conexión a Internet, senón da fibra óptica máis rápida que se atopa dispoñible no mercado (1.000 Mbps), que ofrece o operador.

Na súa filosofía de non deixar a ninguén atrás, Adamo instalará a infraestrutura tanto nos núcleos máis poboados de Alfoz como os que teñen unicamente un puñado de veciños: Castro

de Ouro (19), Reirado (44) e Oirás (67). A eles únense Pereiro (116), Bacoí (174), Adelan (229), Carballido (256), Lagoa (278) e Mor (467). En total, 1.650 poboadores nas nove parroquias. Adamo conta para este despregamento coa colaboración das autoridades locais, en particular, do alcalde Jorge Val. Iso quedou de manifesto na presentación do servizo que proporciona a compañía, efectuada recentemente ante o rexedor por David Llano, responsable de Adamo en Galicia. Nesa reunión participaron igualmente representantes das diferentes parroquias do municipio.





alfoz

## A programación de verán para os nenos segue en agosto

O programa municipal para os nenos do Concello de Alfoz que se desenrola nos meses de xullo e agosto en horario de mañá, ten un éxito total de participantes que acadou o 100% das prazas dispoñibles. Se durante xullo disfrutaron de obradoiros de alimentación saudable ou de educación vial con Parque infantil de Tráfico instalado no Pavillón, en agosto terán un obradoiro de Baile en igualdade o día 4. A semana seguinte, poderán disfrutar das *Maletas Viaxeiras* e diversas actividades de educación medioambiental do Ceida no que se traballará a pegada ecolóxica. Xa por último rematarase o programa Ludiverán-Xogando en Igualdade cunha festa de clausura, dentro da cal poderán disfrutar de *Se as árbores falaran* de Iseo a Moura, ademais de xogos e sorpresas.

**CONEXIÓN PINGÜÍN.** O Concello acolle Conexión Pingüín, uha comedia protagonizada por Luis Iglesia e Marcos Orsi, que será o sábado 14 de agosto no Salón de Actos da Casa da Cultura de Alfoz.

Será necesaria reserva previa, chamando ao 982 558 001 ou presencialmente no Concello (Oficina de Rexistro) desde o 5 ao 12 de agosto (ou ata agotar entradas). O aforo está limitado e aplicaranse as medidas preventivas contra o covid-19.

**MAGO ANTÓN.** Alfoz acolle o 29 de agosto ao Mago Antón e o seu espectáculo *A volta a Galicia* en 313 concellos. Contará con sesións desde as 12.00 ata as 21.00 horas que se poderán disfrutar de xeito gratuito e para todas as idades. Estará situado diante do pavillón e a piscina.

**PISCINA.** Abrirá a piscina o día 13 de xullo trala renovación e mellora das instalacións. Esta abrirá durante os meses de xullo e agosto e ata o 13 de setembro. O horario será de luns a domingo de 12.00 a 20.00 horas e o uso da mesma é totalmente gratuito, sendo un servizo fundamental durante o verán contando con dous vasos, un deles infantil, e unha ampla zona verde de lecer, servizo de socorrista, etc.



**ACX O CASTELO.** O Castelo de Alfoz deu a coñecer os premiados no concurso de narrativa e debuxo das Letras Galegas 2021. En debuxo infantil foron Irati Ruíz López, David Otero Pardeiro e Iris Díaz Fraga; en debuxo de primeiro ciclo foron Laura Díaz Fraga, Fran Fernández Dorado e Carla López Canedo; e en debuxo segundo ciclo os agasallados foron Inés Martínez García, Celia Fernández Fernández e Roi Maseda Mirón. En narrativa de primeiro ciclo, os premiados foron Iria Varela Barreira, Fran Fernández Dorado e Ana Díaz Fraga; e no segundo ciclo Inés Martínez García, Lucía Franco Longarela e Noelia Bello Prado.

o valadouro

## PSOE e BNG reeditan o pacto de Goberno para ter a maioría

Os grupos municipais do PSdeG-Psoe e o BNG asinaron un acordo de goberno para o período 2021-2023, un acordo necesario para levar a cabo actuacións que dean resposta áxil e eficaz ás diferentes problemáticas da veciñanza.

O acordo baséase en aspectos organizativos xa que as liñas programáticas de socialistas e nacionalistas para o concello neste mandato son semellantes e en moitos casos complementarias. No novo organigrama que contempla a participación do BNG no goberno municipal os edís nacionalistas formarán parte da Xunta de Goberno Local e desempeñarán as seguintes funcións: Eduardo Chao González, 1º Tenente alcalde e concelleiro de Cultura, Normalización Lingüística e Medio Rural e




O alcalde e o que será o primeiro tenente de Alcaldía

Eliseo Teijeiro Orol, concelleiro de Obras e Deportes e 3º Tenente alcalde. O resto de concellarías correspondenlle ao PSdeG-Psoe.

“Este acordo de goberno terá como base o consenso e o diálogo entre as

nosas formacións políticas para dar resposta ás demandas da veciñanza, pois o noso compromiso principal é coas veciñas e veciños” manifestaron Edmundo Maseda e Eduardo Chao.

## A nova oficina de turismo abre as súas portas



Nova oficina de turismo no Valadouro

Xa está en marcha a oficina de turismo do Concello, situada na Casa da Cultura. As instalacións permanecerán abertas durante todo o ano. No verán de martes a sábado en horario de 10.00 a 14.00 polas mañás e de 16.30 a 20.00 polas tardes. O resto do ano permanecerá aberta no mesmo horario de

luns a venres.

Deste xeito, o Concello pretende achegar o servizo de información turística a todos os visitantes que se acheguen ao Concello para coñecer os principais recursos, realizar rutas de sendeirismo, ou interesarse pola ampla variedade en restauración e aloxamento, eventos ou festas.

## A casa da cultura acollerá unha mostra itinerante

Entre o 28 de xullo e o 13 de agosto a casa da cultura do Valadouro acollerá a exposición itinerante do Proxecto Life in Common Land, unha iniciativa de carácter demostrativo e colaborativo centrado na conservación dos hábitats de turbeira e matorrais húmidos atlánticos da Serra do Xistral.

A exposición consta de 13 paneis que permiten ao visitante coñecer a biodiversidade da ZEC Serra do Xistral, e entender a importancia das turbeiras e brezais húmidos e do mantemento das actividades tradicionais para a súa conservación. Ademais, pretende dar visibilidade á figura dos Montes Veciñais en Man Común e aos servizos ecosistémicos que a Serra do Xistral aporta á sociedade. A exposición poderase visitar de luns a venres de 10.00 a 20.00 e os sábados de 10.00 a 14.00 e de 16.30 a 20.00 horas.



### ALQUILER DE AUTOMÓVILES EN A MARIÑA

- Coches urbanos, compactos, berlinas y SUV, vehículos como nuevos y equipamientos de alta gama.
- Monovolumen de 9 plazas disponible.
- Posibilidad de recogida y devolución en los aeropuertos de A Coruña, Avilés y Santiago de Compostela

RENTING DE VEHÍCULOS. TRABAJAMOS CUALQUIER MARCA O MODELO. ¡CONSÚLTENOS SIN COMPROMISO!

T. 670 979 852 • rcmarcantabrico@gmail.com • www.rentacarmarcantabrico.com

RIBADEO: Avda. Ría de Ribadeo, 20 - 27700 Ribadeo (Lugo)  
TII./Fax: 982 120 803

FOZ: Crta. General, 1 - Forzan - 27789 Foz (Lugo)  
TII.: 982 141 554

XOVE: Polígono Camba, 31 - 27870 Xove (Lugo)  
TII.: 982 102 020



## Punta Corveira será praia para uso canino

O Concello acorda a determinación da praia Punta Corveira como praia canina, habilitada durante 24 horas todos os días do ano, incorporando a ela o acceso situado na parte dereita do Regato de Sarxende, que servirá como delimitación entre a zona autorizada para o acceso e estadia con animais e a Praia de Lóngara na que non está permitido o seu acceso.

“O uso desta praia por animais de compañía quedará limitado unicamente aos cans, que poderán acceder de xeito libre, é dicir, sen correa, agás no caso dos cans potencialmente perigosos que se rexerán pola normativa autonómica e, en consecuencia, deberán ir provistos de correa e boceira”, engaden dende o Concello. Non obstante, as persoas posuidoras dos cans serán responsables de adoptar as medidas necesarias para evitar molestias ou riscos ao resto de persoas usuarias, así como de impedir o acceso dos animais á Praia de Lóngara e, en xeral, de traspasar o Regato de Sarxende que cumpre a



función de liña divisoria. Asemade, terán a obriga de recoller e depositar nos lugares habilitados polo Concello a estes efectos as deposicións que poidan realizar os animais na zona de praia.

Tamén reiteran que a non recollida das deposición dos animais está tipificada como infracción grave no citado regulamento, e os cans deberán estar ao día nas vacinacións obrigatorias e ir provistos da cartilla sanitaria obrigatoria segundo establece o Decreto 94/2008, de 30 de abril, polo que se establece o pasaporte e cartilla sanitaria para os cans, gatos e furóns na Comunidade Autónoma.

## A pista de pádel de San Miguel de Reinante, pechada por seguridade

A pista de pádel de San Miguel de Reinante atópase pechada pois “por mor do vento a estrutura portante da cuberta sufriu grandes deterioros nas zonas de soldaxe provocando a rotura de catro apoios centrais”, así o comunicou no Pleno a alcaldesa Ana Ermida.

A arquitecta técnica fixo un informe técnico en abril do 2020 cando ao Concello se lle solicitou a devolución do aval da cuberta no que facía unha anotación na que “manifestanse unha serie de problemas na obra executada na que se observa que a cuberta está a dar problemas de deformación que por culpa do vento e estanse a levantar as pranchas de cubrición”. Baixo o criterio da arquitecta estes problemas non son derivados da execución da obra senón do propio proxecto. Segundo a alcaldesa, Ana Ermi-



Pista de pádel de San Miguel de Reinante

da, tamén indica que “as obras iniciáronse se ter asinada a acta de replanteo, que se iniciaron sen ter presentado o proxecto que finalmente se executa, como consecuencia do anteriormente dito non puido certificarse que a cimentación se executara conforme ao proxec-

to aprobado finalmente. Ademais o céspede atópase en moi mal estado tanto pola súa idade, como polo seu mantemento e pola mala execución da soleira da base, e “obviamente por seguridade non pode ser usada”, rematou dicindo Ermida.

## o vicedo

### O alcalde analiza con Feijóo os principais proxectos municipais

O alcalde do Vicedo, José Jesús Novo Martínez, analizou co presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo os principais proxectos para o municipio como a mellora das infraestruturas viarias e educativas.

Un dos temas que se abordaron na reunión foron as actuacións de mellora que están previstas no Ceip O Vicedo, por importe de 237.173 euros, para a substitución da carpintería exterior e da cuberta ou a reforma dos aseos, entre outros, e que se prevé licitar o ano que vén.

Durante o encontro o alcalde amosou o seu interese por asinar coa Xunta un convenio para a implantación dun caixeiro automático no municipio para que os seus veciños poidan efectuar xestión bancarias.

No ámbito deportivo, o presidente trasladoulle ao alcalde a intención de estudar unha posible cofinanciación das reformas do campo de fútbol.

### Convocada a IV edición do concurso de Fotografía

O Concello do Vicedo convoca unha nova edición do Concurso de Fotografía Turismo O Vicedo, a que será a cuarta edición, no que haberá 650 euros en premios.

O tema escollido fará referencia ao patrimonio histórico do Vicedo e a súa calidade como destino turístico. Contendo aspectos relacionados con isto como os monumentos, as igrexas pontes ou elementos arquitectónicos.

O tamaño mínimo das fotografías (non sendo o recheo en branco unha opción para cumprir estas) será de 30 x 45 cm e o máximo de 40 x 60 cm. Cada participante poderá presentar ata un máximo de tres fotografías.

Todos os participantes deberán

enviar ademais, os arquivos en formato jpg das fotografías participantes, cun tamaño mínimo de 2MB e resolución de 300ppp á seguinte dirección de correo electrónico [concursofotografiaovicedo@gmail.com](mailto:concursofotografiaovicedo@gmail.com).

Ao dorso de cada fotografía farase constar o pseudónimo elixido polo participante, o título da obra e o nº de fotografía.

Pódese participar ata o 10 de agosto e o fallo do xurado será feito público ao día seguinte.

Establécense tres premios, un primeiro de 300 euros, un segundo de 200 e un terceiro de 100 euros. A entrega de premios realizarase en acto público o xoves día 12 de agosto de 2020 ás 21:00 horas na Casa da Cultura do Vicedo.

### Natureza e música centran as actividades socioculturais



Vense de publicar a programación sociocultural prevista para este mes de agosto que está dominada polos xa habituais Mércores de natureza, xa que hai un total de 5 actividades medioambientais ao longo do mes.

Concretamente, o 4 de agosto ás 9.45 horas será a ruta de sendeirismo Costa de Loiba-Barqueiro-Vicedo, que ten un total de 20 quilómetros e utilizando o bus para os desprazamentos, o mércores 11 ás 10.00 horas será a quenda da ruta Mirador de Muronovo-Morgallón-Ribeiras do Sor de 8 quilómetros, e tamén da ruta en kayaks de Ribeiras ao Vicedo por un prezo de 17 euros. O transporte é gratuito en bus dende a casa da cuultura ás 10.00 horas.

O 18 de agosto ás 16.30 horas será a xeoruta, que percorrerá parte da costa do Vicedo, concretamente pola contorna de Ponte Segade. O punto

de encontro será na casa da cultura e a visita farase en coches apticulares. O mércores 25 e o 1 de setembro, ás 10.30 e 16.00 horas respectivamente, será a baixada do río Sor en kayaks con saída en furgonetas dende o Porto do Vicedo ata Ribeiras do Sor onde se embarca nos kayaks para baixar ata o Vicedo. Para estas actividades é necesaria a previa anotación no teléfono 982 590 195. Por outra banda o 5 haberá unha exposición, *Autómatas*, de Kinetico, na casa da cultura e o sábado 7 un espectáculo do Mago Antón na rúa do Porto.

Tamén haberá tempo para a música o venres 13 coa actuación da charanga feminina Brassica Rapa ás 21.00 horas polas rúas, e a música de Patricia González e Alejandro Babuena en Acordeireta ás 21.30 horas na terraza da casa da cultura.

**Maite López Rego**  
Delegada

Avda. Álvaro Cunqueiro, 25 • FOZ (lugo)  
982 132 152 - 619 249 660 • [lopem1@mapfre.com](mailto:lopem1@mapfre.com)





# O Concello obtén fondos para a mellora na ETAP da Barranca

O Concello de Barreiros vén de recibir a notificación de Augas de Galicia na que se resolve a concesión da subvención, por un importe de 10.871,18 euros, solicitada polo goberno municipal para a execución de obras de abastecemento, saneamento e depuración ao abeiro dos fondos Feder.

O orzamento presentado desde o consistorio ascende a 13.588,98 euros que inclúen as obras a executar e a redacción do proxecto para as mesmas, do que o 80% será financiado e o 20% a cargo de fondos propios municipais.

Os traballos a realizar consistirán na instalación dun sistema de dosificación e control en continuo coa instalación dun panel de cloración completo, un sistema de precloración mediante a instalación dun contador de impulsos e un sistema de telemetría.

As actuacións que se levarán a cabo permitirán ao persoal do servizo de augas controlar en tempo real o estado de todos os depósitos. Isto, ademais da anticipación ás avarías, permitirá un enorme aforro de combustible e beneficio ambiental, a

xeración dunha gran cantidade de datos para estudos de consumo. Con este investimento renovaranse os equipos actuais, permitindo a adecuación destes depósitos para poder ver en tempo real o estado de diferentes parámetros mediante a implementación de telemetría e monitoraxe asociada.

**OUTRAS OBRAS.** A Xunta de Goberno tamén aprobou varias adjudicacións que comezarán a executarse de cara a finais do verán, para estar finalizadas antes de finais de ano.

O importe das obras a realizar nos vindeiros meses supón un total de 236.739,27 euros, dos que preto de 160.000 se corresponden coa renovación da rede de abastecemento de auga potable que baixa a Remior e na que se leva anos sufrindo roturas que supoñen un alto custo en arranxos, ademais da importancia nos cortes que se producen e que afectan a unha zona ampla, na que ademais, hai varias gandeirías.

**ESPAZOS PARA USO VECIÑAL.** Xunto coa renovación deste abastecemento, o goberno local aprobou a adxudicación da instalación dunha pista

multideporte a carón do colexio de San Cosme, nunha zona na que se proxecta dotar de diversas zonas de ocio e espaxamento para a mocidade.

A alcaldesa explica que “esta actuación insírese nunha serie de intervencións para lograr espazos de uso público nas parroquias que se adapten ás distintas idades e usos.” Neste sentido, tamén veñen de adjudicar a mellora dunha área a carón das escolas de Vilamartín Pequeno, dotándoa de mobiliario e adecentándoa para uso veciñal. Estas dúas actuacións desenvólense con financiamento da Xunta de Galicia.

**MELLORA DE VÍAS.** A última das adjudicacións foi a mellora de vías municipais en San Xusto, Vilar, Benquerencia e Sarxendez. Trátase de actuacións realizadas coas baixas obtidas na adjudicación do Plan Único e suporá o arranxo de preto de 1,5kms distribuídos en 7 vias en mal estado. Estas vías súmanse aos preto de 8km que forman o principal do Plan Único e que tamén se executarán despois do verán.

## O PP denuncia “o descoido no que o Concello ten a praia de Altar”

O voceiro do Grupo Municipal Popular de Barreiros, José Manuel Gómez Puente, lamenta que o equipo de goberno non estea coidando o contorno da praia de Altar. E é que as inmediacións deste areal “de beleza única”, explica o popular, presenta un estado claro de abandono. “Non está segada a herba no aparcadoiro, nin nas rúas do arredor”. Ademais, apunta, “as baixadas á praia son pouco accesibles”.

Esta situación provoca que “a imaxe deixe moito que desexar”, pois diante dos locais de hostalería a maleza tamén se fai visible e as zanzas de terra causan, engade, “un aspecto de descoido e de improvisación impropio dunha zona turística como a nosa”. Por este motivo, critican que esta praia “non reciba a atención que merece”. Neste senso, tampouco entenden que aínda non se colocara a caseta de aseos imprescindible.

Por todo elo, os populares piden ao equipo de goberno “que traballe con rigor”. E é que “as imaxes que vemos son tan evidentes que nos vemos na obriga de ter que denuncialas”.

## Sanidade cualifica de excelentes as praias do termo municipal



Praia de Coto

O corpo de inspectoras de Saúde Pública, nun dos primeiros controis sanitarios que se fan durante a tempada estival, emitiu un informe favorable sobre o estado das mesmas, e na súa acta de control oficial non figura nen un só defecto a subsanar, cualificándoas como excelentes.

Durante a tempada estival adóitanse facer varios controis do estado dos areais, nos que se inclúe a cualificación do estado da auga de baño, a limpeza das praias, a comprobación da existencia dun protocolo de medidas covid, a limpeza das instalacións

e a supervisión da información que se dá a usuarios e usuarias, mediante un único cartaz con infogramas e normas en varias linguas.

**REIVINDICACIÓN.** O Concello trasladoulle a Adeac, o organismo que outorga as Bandeiras Azuis, a decisión de non proceder ao izado de ningunha das tres bandeiras azuis outorgadas ás praias de Acantilado-Remior, Coto e A Pasada; ante a imposibilidade de contar con persoal de socorrismo suficiente para garantir os mínimos considerados para o mantemento do emblema.

# Barreiros ConVídате achegará música e cine a distintos puntos

O concelleiro de Dinamización, Dani García, e a concelleira de Educación e Igualdade, Montse Porteiro, presentaron o Barreiros ConVídате, o programa cultural que achegará música e cine a distintos puntos do Concello durante os meses de xullo e agosto.

“As actividades están pensadas para realizar ao aire libre e encher as prazas e os espazos públicos das distintas parroquias de cultura, achegando así a música e o cine aos distintos puntos do municipio e contribuíndo a que as persoas se despracen e coñezan Barreiros, ao tempo que se fomentan as relacións sociais”; explicou Dani García. O edil explica que tamén se programarán outras actividades, fóra deste programa que achegarán máis espectáculos a outras parroquias e lugares que poidan non estar incluídas nesta ocasión.

A programación empezou o sábado 24, coa actuación da banda de música Dambara en Celeiro de Mariñaos.

Neste programa inclúense actividades musicais para todos os públicos e algunhas delas dirixidas ás máis pequenas, como a Gramola Gomi-



nola ou Uxía Lambona e a Banda Molona. Tamén están programadas sesións de cine ao aire libre en Benquerencia e Vilamar e un concerto de música clásica, dentro do Festival Bal y Gay.

Montse Porteiro explicou que o que se pretende é “poñer a música e o cine ao alcance de todo o mundo, por iso se programa en distintos lugares, horas e con entrada gratuíta” Desde o Concello, que leva a cabo este programa por segundo verán consecutivo, lembran a importancia de respectar as normas de prevención da Covid e seguir o protocolo polo que se rixen as actividades, que pode verse modificado en función da situación sanitaria do momento no que se desenvolve cada actividade. Aproveitan así mesmo para facer un chamamento á responsabilidade e á prudencia nas relacións sociais, así como á participación en actividades que contén con todas as garantías sanitarias na súa organización.

Para a organización dalgunha das actuacións, o Concello de Barreiros obtivo colaboración da área de Cultura da Deputación de Lugo e da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.



**Dermoterapia**  
Centro de Estética

Cita Previa: 664 527 486

**Tratamientos**

- Láser Diodo
- Láser IPL
- Depilación hilo
- Cavitación
- Presoterapia
- Esmaltado semipermanente
- Embellecimiento del pie
- Extensión de pestañas
- Tratamientos faciales y corporales
- Solarium



# “O mérito é dunha directiva que realiza un traballo desinteresado”

Rubén García Piñeiroa, coordinador das escolas deportivas de Lourenzá

Rubén García Piñeiroa, coordinador deportivo das escolas deportivas de Lourenzá, fala da traxectoria da entidade e das súas disciplinas

## Como xurden as Escolas Deportivas Concello de Lourenzá?

En setembro do ano 1996 quedou constituída oficialmente a escola, polo que este ano estamos no 25 aniversario aínda que os actos están paralizados e estamos pensando en retomalos en canto remate a pandemia.

## Que obxectivos perseguen as escolas?

Educar a través do deporte, sobre todo o que traballamos é a formación desde a base.

## Como funcionan as escolas?

Estas escolas funcionan ben grazas a unhas 15 persoas que forman a directiva e que traballan desinteresadamente por facer este labor. Tamén á fronte desta entidade está Pablo Maseda,

que leva uns 12 anos nas escolas e 3 no mandato. Sen o traballo de toda esta xente, este equipo humano, isto sería imposible.

## Que lle aporta aos deportistas formar parte delas?

Se en algo se distinguen estas escolas é no grado de familiaridade e de cercanía que se desprende. Logo inténtase traballar coa máxima calidade e os nosos deportistas supoñen que o notan, claro.

## Cantos deportes acollen?

Agora mesmo ofertamos un amplo abano de posibilidades como fútbol, fútbol sala, baloncesto, atletismo, duatlón, triatlón e patinaxe. Tocamos un pouco todos os deportes, pero os que hai tentamos traballalos con calidade e facelo ben.

## Con cantos pequenos contan?

O número de deportistas está arredor dos 200. Agora mesmo contamos con sección de adultos en varias disciplinas porque

os nenos fanse maiores e hai que seguir traballando con eles. Por exemplo, temos un equipo de fútbol con rapaces que se formaron nas nosas escolas, é dicir, que foron crescendo día a día nelas.

## Como están a nivel premios?

No tocante aos premios as seccións ao ser tantas, sobre todo antes da pandemia, o nivel de éxitos viña en diferentes disciplinas. Esta última tempada só traballamos o fútbol base alevín e benxamín, no que hai que destacar que o alevín foi campión. Traballamos o atletismo no que temos múltiples pódiums autonómicos e traballamos tamén a patinaxe pero sen chegar a competir. O resto de seccións están paradas e esperamos que xa en setembro se reinicien a maioría das competicións deportivas.

## Certo é que no atletismo destacan moito, algunha futura promesa?



Directiva da ED Lourenzá

No tema de atletismo, Fernando Vallines ten moitas cualidades para o peso, e ademais recentemente foi campión autonómico en peso xuvenil. E no tocante ás rapazas hai varias na categoría alevín que o fan moi ben, pero temos que ver a súa progresión e sobre todo a onde queren chegar elas.

## Canta xente está vinculada a esta práctica en Lourenzá?

En Lourenzá temos deportistas de toda a zona xa que estamos rodeados de varios concellos. No atletismo e fútbol temos nenos de Mondoñedo, Riotorto, Trabada, Ribadeo, Foz, San Tirso de Abres, Burela, Cervo... de moitos

sítios diferentes da comarca.

## Haberá algunha novidade para a tempada que vén?

A novidade sería poder volver funcionar con normalidade. Aínda así, o que estamos é estudando un proxecto de fútbol de futuro co CD Foz para fornecer os equipos e intentar ascensos ás ligas galegas. Tamén estaremos en breve o campo de fútbol artificial cun céspede de última xeración homologado pola Fifa. Unha aposta do Concello por manter e mellorar as infraestruturas que temos, e por outra banda temos en estudo dúas rúas de atletismo entre ambos campos, o natural e o novo artificial.

## O SLG organiza un curso de introdución á horta ecolóxica

O Sindicato Labrego Galego, en colaboración coa Asociación Labregas e a Confederación de Mulleres do Mundo Rural organiza no local da Asociación de Veciños de San Adriano de Lourenzá un curso de iniciación ós cultivos de horta en ecolóxica. En palabras do técnico do SLG Andrés Castro, que impartirá as clases, “trátase dun curso no que aprenderemos as noções básicas do cultivo sen químicos das pequenas hortas

familiares, o seu manexo e coidado, tanto dos cultivos como do solo e do medioambiente”.

O curso constará de catro sesións de 3 horas de duración, en horario de 18.30 a 21.30, os martes 3 e 10 de agosto e 7 e 14 de setembro; e dado o carácter das asociacións organizadoras e o tipo de financiación está adicado especificamente a mulleres en activo, se ben pode asistir até un 10% de varóns.

## Poñen á venda solo industrial bonificado no polígono

O DOG publicou a resolución pola que se anuncia un novo concurso de venda de solo empresarial con bonificacións de ata o 50% nos parques que xestiona o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS). Serán en total 116 parcelas que suman unha superficie de preto de 282.000 metros cadrados e se distribúen en 17 polígonos. Deses, 82 parcelas están en sete concellos da provincia de Lugo, que supón algo máis de 138.000

metros cadrados. Este é o segundo concurso que convoca o Goberno galego este ano co fin de mobilizar o solo industrial que ten dispoñible nos seus parques e facilitarles así ás empresas que queiran asentarse na Comunidade ou ampliar as súas instalacións, terreos urbanizados e en localizacións axeitadas.

Só Lourenzá ten aberto este concurso con seis parcelas á venda na Mariña cunha bonificación do 50%

## Xabier Díaz estará no claustro do mosteiro de San Salvador

O músico coruñés Xabier Díaz estará o día 2 de outubro no claustro maior do mosteiro de San Salvador, en Lourenzá. Así, conclúe unha triloxía personalísima en compañía de As Adufeiras de Salitre co seu álbum *As Catedrais Silenciadas*. Este traballo culmina un proceso que comezou no ano 2015 e do que o elemento diferencial son o conxunto de mulleres vocalistas e percusionistas.

Nestes catro anos apenas quedan aldeas de Galicia que non fosen citadas ou visitadas polo músico. As súas composicións, en moitos casos, parten do traballo de investigación, escoitando as cancións das mulleres no rural, e, doutra banda, dándolles o seu toque particular. A súa música, as influencias doutras latitudes e as súas novas letras achegan frescura a unha materia prima propia do noroeste. Este último traballo actualiza diferentes tipos de formas musicais.

**VISITAS GUIADAS.** A partir destes días poderase visitar o mosteiro de San Salvador de Lourenzá cun




Xabier Díaz

guía. Así, as visitas poderán facerse os luns ás 12.00 e ás 17.00 horas gratuitamente, e os martes e venres ás 12.00 e ás 17.00 horas e os sábados ás 12.00 horas por 3 euros.

Para facer estas visitas haberá que reservar a través de lourenzaturismo@outlook.es ou nos teléfonos 982 121 006 ou 646 384 124. Tamén será posible achegarse ao Museo de Arte Sacro para gozar das diferentes coleccións de ourivería, escultura, pintura, mobiliario e indumentaria das que dispón. O Museo de Arte Sacro ocupa a estancia da antiga biblioteca, da que se conservan algúns exemplares.

## Terán un día dedicado ao cabalo en outono



Aprobada a moción nacionalista presentada no Pleno para a creación do Primeiro concurso morfolóxico do cabalo de pura raza galega, que podería realizarse en setembro ou outubro do presente ano.

Dende o grupo nacionalista mantiveron conversas coa Asociación de Pura Raza Galega, Puraga, da que saíu a idea da creación do concurso así como a posta en valor do proxecto da recuperación do cabalo marchador galego, cunha exhibición de andadura e unha carreira. A corporación votou a favor de forma unánime polo que Lourenzá contará este outono con un día dedicado ao cabalo. Dende o BNG Laurentino “amosámonos contentos de que se vaian a realizar estes actos que servirán para poñer en valor a cultura e tradición galega, pero tamén para traer xente a nosa vila axudando así ó comercio e hostalería local”.



# DEPUTACIÓN

## O Pleno acorda instar á Xunta a reforzar a Atención Primaria

A Corporación da Deputación de Lugo acordou no Pleno ordinario de xullo reclamarlle á Xunta de Galicia que elabore un plan de choque para dotar de medios humanos os cadros de persoal do Sergas, medidas de reforzo para a Atención Primaria, na que recortou máis de 1.100 prazas dende que goberna o Partido Popular, a recuperación do sistema de rastrexo da Covid-19 e o mantemento das camas hospitalarias en funcionamento. A proposta, presentada polo Goberno provincial, saíu adiante coa apoio do PSdeG e o BNG, e cos votos en contra do PP.

Con respecto aos cadros de persoal, a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, explicou que “hai que revertir os recortes feitos polos sucesivos gobernos do PP, faltan especialistas e a idade media dos profesionais do sistema fai prever que as xubilacións dos vindeiros anos van agravar as carencias”.

Así mesmo, a Deputada incidiu na situación de sobrecarga de traballo que sofren os centros de saúde da provincia debido á incidencia da pandemia da Covid-19 entre os grupos de idade máis novos da poboación e pide que se recupere o sistema de rastrexo desta enfermidade que se puxo en funcionamento meses anteriores, de tal maneira que “a acción dos rastrexadores contribúa a aliviar ese colapso que se vive na Atención Primaria. Feijóo non foi capaz de prever o que antes do verán indicaban os expertos: o virus buscaría novos brancos como as persoas máis novas, e por iso se están disparando os contaxios nesta parte da poboación”.



A voceira socialista do Goberno explicou que é necesario que o Executivo autonómico manteña todas as camas hospitalarias dispoñibles este verán “porque non é aceptable que nun momento de emerxencia sanitaria como o que vivimos debido á pandemia se pechen recursos pola decisión de non cubrir as vacacións do persoal”.

**GALICIA MÁRTIR.** A moción do BNG en demanda da institucionalización do 17 de agosto como Día da Galiza Martir foi aprobada polo Pleno provincial, que insta así a Xunta de Galiza a recoñecer a data, que coincide co cabodano do fusilamento de Alexandre Bóveda, como “celebra-

ción nacional en Galiza, en memoria e homenaxe de todas as galegas e galegos que deron a súa vida ou padeceron o exilio por defenderen as liberdades e dereitos democráticos e nacionais do pobo galego, plasmados dentro do marco constitucional daquela vixente”

A proposta presentada polos nacionalistas, e apoiada polo PSdG, saíu adiante malia a oposición do Partido Popular que no debate plenario “se puxo de perfil” evidenciando un “xiro” que, segundo remarcou o voceiro nacionalista Efrén Castro, “fai que estas propostas, que son unha reivindicación histórica do BNG, sexan hoxe máis necesarias ca nunca”. “O Día da Galiza Mártir pretende homenaxear as persoas asasinadas e represaliadas por defenderen os dereitos democráticos. As institucións temos a obriga de contar a historia como foi e repoñer as vítimas. Dino todos os tratados internacionais e fano outros estados, independentemente da súa ideoloxía”, argumentou o voceiro do BNG.

A conmemoración do Día da Galiza Mártir foi instaurada en 1942 en Bos Aires, polos galegos no exilio, na honra de Alexandre Bóveda, fusilado na Caeira, en Poio, no 1936, tras un xuízo militar sumarísimo.

O voceiro do PP, Javier Castiñeira, lamenta que PSOE e BNG “ridiculicen a quen traballa”, evitando sumarse ao proxecto de AJE Lugo nos Fondos Next Generation. Os populares levaron esta moción ao pleno porque “é o futuro” e para impedir que o goberno provincial siga “chegando tarde a todo”.

## Ponse en marcha Saborea a túa provincia



Presentación do programa no pazo de San Marcos

Púxose en marcha o programa Saborea a túa provincia cunha demostración das xornadas gastronómicas e lúdicas que percorrerán a provincia na praza de San Marcos. Viveiro acolleu a primeira parada, unha cita gratuíta que recalará tamén nos concellos de Burela, Lourenzá, O Valadouro, A Fonsagrada, Guitiriz, Láncara e Monforte de Lemos ao longo das fins de semana do mes de agosto.

Cada unha das xornadas do Saborea a túa provincia arrancará ás 11.30 horas e prologarase ata as 19.30, e contará con catro espazos diferenciados. Primeiro, un autobús-cociña onde profesionais da asociación provincial de cociñeiros e cociñeiras de Lugo elaborarán receitas con produtos típicos de cada zona. Utilizarán alimentos con distinción da súa calidade polo selo Denominación de Orixe ou Indicación Xeográfica Protexida, como a Faba de Lourenzá, a Patata Galega,

o Pemento de Mougán, o Lacón, a Tarta de Santiago, o Mel de Galicia ou o queixo San Simón da Costa; e tamén empregarán nas súas elaboracións razas autóctonas como o Porco Celta, a Galiña de Mos ou o Vacún Galego. Estas demostracións culinarias poderán seguirse nunha pantalla xigante, terán lugar pola mañá e poderán participar un máximo de 50 persoas.

Tamén haberá unha degustación de pratos elaborados con produtos de proximidade. Esta actividade terá lugar polas tardes e poderán participar ata 100 persoas. Continuarán con conferencias e catas da man dos responsables de produtos con recoñecemento de Denominación de Orixe e Indicación Xeográfica Protexida da Provincia. O outro espazo estará dedicado a concertos, nos que actuarán grupos musicais da zona, e a espectáculos de maxia para os máis pequenos da man do Mago Rafa.












**RIBADEO**  
Rúa San Francisco, 2-4 Bajo 6 - Tel.: 636 761 883



**BARREIROS**  
Pol. Industrial Cruz do Lobo, Nave 10  
Tels.: 982 585 709 / 652 110 377



**BURELA**  
C/ Curros Enríquez, 12 - Tel.: 660 402 954





## DEPORTES

# “Hai que concienciar sobre transplantes e doazóns”

Santi Chao, deportista viveirense que reivindica unha conciencia sanitaria

O viveirense Santi Chao conmemorou os 20 anos do seu transplante de corazón cunha ruta en bicicleta atravesando 26 portos de montaña

**Como xurdiu a idea desta aventura transalpina?**

Pois todos os anos procuramos facer un reto ciclista para dar visibilidade á doazón de órganos. No 2018 fixen con Andrés Piñeiro, que tamén foi un dos que participou nesta ocasión, a transpirenaica e no 2019 de Lannion, na Bretaña francesa, a Viveiro, que foi unha ruta de 2.000 quilómetros e fixémosla en 16 días. E como neste ano fago 20 anos do meu transplante de corazón e a idea era facer un reto algo máis grande e quizais máis especial.

**Entón esta proba deportiva foi por algo especial?**

Si, para concienciar da importancia dos transplantes e as doazóns de órganos, médula ósea, etc. A min un día chegoume a hora e grazas a que alguén decidiu que os órganos do seu fillo estaban mellor salvando vidas que pudrindo nun cemiterio, pois aquí estou. Espero que con todo isto a xente tome unha pouca máis de conciencia e vexa que calquera día cando xa non os precise, os seus órganos poden salvar a vida doutras persoas e que quizais os órganos doutra xente calquera día poden salvar a súa propia vida.

**Como xurdiu a idea dos Alpes?**

A ruta dos Alpes para a xente que nos gusta a bicicleta é moi bonita, pero o problema que tiña é que era unha ruta moi longa e complicada. Ao principio miramos de facer outra que era de norte a sur e nus 10 días máis ou menos. Pero atopamos un libro italiano *La traversata delle Alpi en bicicleta*, escrito por Rolly Marchi nos anos 80, no que el explicaba este mesmo camiño e facía os Alpes case completos cos portos máis representativos.

**Como e cando comezou esta aventura?**

A aventura comezou en Trieste o 2 de xullo e rematou o sábado 17 de xullo en Niza. Foron 16 etapas, case todas foron de arredor duns 120 quilómetros e 7 horas diarias de bicicleta. Son rutas por estradas pois se quixésemos facela pola montaña necesitaríamos dous meses.

**Cantos se embarcaron nesta iniciativa?**

Comezamos sendo catro pero na terceira etapa uníuse outro rapaz que por motivos persoais non puido comezar con nos dende Trieste. Todos somos amantes da bicicleta, David Díaz Meitín, Jacobo Díaz, Xosé López Hermida, Andrés García Piñeiro e máis eu.

**Cantos países atravesaron?**

Foron un total de 1.700 quilómetros

entre Italia, Eslovenia, Austria, Suíza e Francia. Pero moitas veces na bicicleta non son os quilómetros senón o desnivel que nesta viaxe era de case 31.000 metros positivos.

**Foi moi complicada?**

Si, foi unha viaxe dura. Atravesamos 26 pasos alpinos dos cales 16 deles pasan a máis de 2.000 metros e 5 a máis de 2.500 metros. Na montaña as cousas son moi diferentes, hai días de moito frío e nalgúna ocasión estivemos a -2º.

**Tiveron que levar moito material á hora de realizar esta ruta?**

Nesta ocasión si, pois levábamnos nas alforxas os sacos e todas as nosas cousas ademais do material da bicicleta en caso de rebentón. Este ano levamos incluso as tendas de campaña as cales tivemos que utilizar en Suíza xa que este país era moi caro a hospedaxe e decidimos montar as tendas. No resto dos sitios estivemos en albergues ou hostais.

**Como foi a volta?**

Foi outra etapa grande aínda que en furgoneta e a fixemos do tirón pois son moitas as ganas que tiñamos de volver. Tales foron estas ganas que ao final recortamos un día da viaxe por tempo, por motivos laborais e por suposto por estar coas nosas familias.



Santi Chao, no seu percorrido

**E co tema do coronavirus tiveron problemas?**

Todos estabamos vacinados agás o rapaz que se uniu na terceira etapa, xa que el viaxou co test de antixenos. Pero despois cada país ten unhas normas diferentes e el ía facendo probas á medida que íamos pedaleando. De feito nalgúns países foron gratuítas as análises.

**Algunha anédocta que lembre con especial agarimo?**

Digamos que o día máis duro e o que máis quedará na nosa memoria foi a subida a Col de l'Iseran que foi o día que nevou a 3 quilómetros de chegar ao alto, o cal está a 2.764 metros e é o segundo porto máis alto. Ese día estabamos dubidosos en subir ou non pois a climatoloxía non estaba clara pero de repente abriuse un claro e botámonos a estrada. E a 3 quilómetros comezou unha tremenda nevarada, e menos mal que había un bar alí arriba e con-

seguimos chegar para abrigarnos. Foi un día moi duro e con moita incerteza pero que lembraremos moito.

**Hai máis tradición de bicicleta neses países?**

Por suposto. A bicicleta aquí move unha porcentaxe grande do turismo, e todo está preparado para eles, alugueres, remontes para descensos, vías e carrís ciclables, autobuses con remolques, etc. Os Alpes moven cada ano 120 millóns de turistas. Unha das etapas discorreu máis da metade dos seus quilómetros por carrís bici, o que me fai pensar que aquí nos Alpes xa se deron conta que se pode vivir do turismo sen ter praias nin un clima espectacular.

**Algún especial agradecemento?**

Gustaríame agradecer a todos os que colaboraron dunha maneira ou outra como ao Concello de Ourense, ao Deporte Galego a través da Xunta e a Viveiro Bikes.

## Abre a inscrición para a Media Maratón Ribadeo-As Catedrais

Abriuse a inscrición para participar na VII Media Maratón Ribadeo-As Catedrais que terá lugar o 18 de setembro.

A edición do ano pasado foi cancelada debido á pandemia pero este ano será ás 17.00 e contará cun protocolo especial da Federación de Atletismo e vai requirir uns pasos previos á celebración da proba.

Este ano, así como os outros, dependen moito do voluntariado e contará con todo o apoio deles. As persoas que queiran anotarse van ter toda a información dispoñible nese portal de internet.

As inscricións están abertas e contarán con tres tramos de prezos, como



todos os anos, e van estar identificados na web e na inscrición. Para os 100 primeiros inscritos o prezo será de 5 euros, dende o inscrito 101 ata final de xullo 6 euros, e dende o 1 de agosto ao 14 de setembro 7 euros, en caso de non ter chip propio, será 1 euro a maiores polo aluguer do chip branco.

PLAYA BALEA  
CARRETERA DE LA PLAYA 27  
22792 BARREIROS-LUGO  
TEL: 686 895 967

RESTAURANTE  
La cocina de  
Fran Posada  
PESCADOS MARISCOS  
ARROCES CARNES



## O club deportivo San Ciprián suma unha sección de atletismo



No centro, a atleta local Olga Vicente, que capitaneará o proxecto

O Concello de Cervo acaba de ser testemuña do nacemento dunha nova Escola de Atletismo, que estará integrada no Club Deportivo San Ciprián.

Desde o Concello de Cervo aplauden a iniciativa “que ben completar a oferta deportiva do municipio e que contribuirá tamén a encher de vida e a dinamizar as instalacións que temos dispoñibles no Complexo Deportivo da Veiga”; cunha pista de atletismo que conta con 6 rúas cunha lonxitude de 400 metros.

A iniciativa foi presentada nas pistas de atletismo do Complexo Deportivo da Veiga e estará capitaneada pola atleta local, Olga Vicente, que se encargará do adestramento tanto dos nenos como das persoas adultas

que desexen sumarse; sen límite de idade.

As persoas interesadas poden informarse e anotarse no teléfono 625 16 13 97.

Desde a Federación Galega de Atletismo amosaron xa moito interese polo proxecto. De feito, días a atrás, o seu Vicepresidente, Suso Vázquez, desprazouse ata San Ciprián onde mantivo un encontro co concelleiro de Deportes, David Rodríguez, e con Olga Vicente, no que puxo en valor a creación desta nova sección de atletismo “un paso moi importante para este deporte na Mariña”, e destacou o papel de Vicente “como atleta con experiencia a nivel nacional que aportará, sen dúbida, un valor diferencial, ao proxecto”, precisou.

## Os xuvenís do Xove FS ascenden a autonómica



O equipo xuvenil da SD Xove de fútbol sala conseguiu finalmente o ascenso á liga autonómica, ao quedar na primeira posición do seu grupo. Ao mesmo tempo queda campión, ao imporse na final en Naron ó Emdem Futsal da Coruña.

Así, o equipo foi recibido no Concello de Xove polo alcalde Deme-

trio Salgueiro quen felicitou aos xogadores, técnicos e directivos do clube polo título de campións de primeira Galicia Xuvenil e polo ascenso á liga Gallega.

Dende o clube, queren “dar as grazas como sempre ao Concello de Xove polo seu apoio, sen o cal todos estos éxitos non serían posibles”.

### EN BREVE

**CARREIRA DE CABALOS.** Por segunda vez, Viveiro acollerá a Carreira de Cabalos Cidade de Viveiro, na que os amantes dos equinos poderán presenciar as mellores carreiras. Este torneo vaise disputar o 19 de setembro en Celeiro, sempre e cando as circunstancias sanitarias o permitan.

**KEDADA TOXIZABIKE.** O Toxiza Clube de Montaña de Mondoñedo organiza para o día 22 de decembro a Kedada ToxizaBike. Esta proba terá unha distancia de 34 quilómetros e contará con avituallamento e seguro. Dentro da inscrición haberá dúas modalidades, a de ruta, xantar e camiseta, por 18 euros, e a de ruta e camiseta por 6 euros.

**BÁDMINTON.** O Concello de Viveiro acolle o 7 de agosto o TTR Sénior de bádminton que se xogará no pavillón municipal de Viveiro situado na rúa Martín Ledesma. A previsión é que se xogue entre as 10 e as 21 horas.

**VIVEIRO CF.** O Real Madrid CF Juvenil A, con Raúl no banco, visitará Cantarrana o vindeiro 11 de agosto para enfrontarse ao Viveiro CF e disputar o Trofeo Luis de Carlos. Esta será unha das citas deportivas da pretemporada celeste, que xa xogou contra o Deportivo. O xoves 12 xogará o Trofeo Maruxaina en A Veiga, o sábado 14 serán os cuartos da Copa RFEF, o 16 será o Trofeo San Roque, e xa o 21 de agosto veranse as caras contra o Arzúa e Burela o 28.

## Cancelado o Open de pádel

Cancelado o Open de Verán Kia Breogán Car, que se ía a celebrar nas instalacións de Pádel Club Ribadeo do 2 ao 8 de agosto.

Desde a organización sinalan que “por responsabilidade, vendo a evolución da pandemia en toda a nosa

contorna, decidimos cancelar o noso evento deportivo. Sentímolo moito, pero o covid segue moi presente en toda a zona e non podemos arriscar”.

O Open estaba a ser organizado por Pádel Club Ribadeo.

## TELÉFONOS DE INTERESE

**ALFOZ**  
Concello: 982 55 80 01  
Garda Civil: 982 57 40 30  
Centro de Saúde: 982 55 86 97

**BARREIROS**  
Concello: 982 12 40 02  
Garda Civil: 982 12 41 94  
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

**BURELA**  
Concello: 982 58 60 00  
Policía Local: 982 58 62 11  
Garda Civil: 982 58 57 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29  
Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00  
Capitanía Marítima: 982 57 51 53

**CERVO**  
Concello: 982 55 77 77  
Policía Local: 615 52 10 52  
Garda Civil: 982 58 57 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

**FOZ**  
Concello: 982 14 00 27  
Policía Local: 982 13 36 40  
Garda Civil: 982 14 04 44  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85  
Agencia Tributaria: 982 13 35 12

**LOURENZÁ**  
Concello: 982 12 10 06  
Garda Civil: 982 52 19 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

**MONDOÑEDO**  
Concello: 982 52 40 03  
Policía Local: 982 50 70 40  
Garda Civil: 982 52 19 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

**OUIROL**  
Concello: 982 55 91 09  
Garda Civil: 982 56 10 39  
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

**PONTENOVA, A**  
Concello: 982 34 22 77  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

**RIBADEO**  
Concello: 982 12 86 50  
Policía Local: 982 12 86 50  
Garda Civil: 982 12 80 48  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

**RIORTORTO**  
Concello: 982 34 62 22  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

**TRABADA**  
Concello: 982 13 50 11  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

**VALADOURO, O**  
Concello: 982 57 40 00  
Garda Civil: 982 57 40 30  
Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

**VICEDO, O**  
Concello: 982 59 00 02  
Garda Civil: 982 59 01 81  
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

**VIVEIRO**  
Concello: 982 56 01 28  
Policía Local: 982 56 29 22  
Policía Nacional: 982 56 17 11  
Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62  
Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

**XOVE**  
Concello: 982 59 20 01  
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24

**TELÉFONOS DE INTERESE**

 **Emerxencias: 112** | **Incendios Forestais: 085**  
**Urxencias Sanitarias: 061** | **Garda Civil: 062**



[www.amariñaxa.com](http://www.amariñaxa.com)



# COLABORACIONES

## Illas máxicas

### CULTURA E MÚSICA



Rebeca Maseda

**A**s illas sempre me produciron unha gran fascinación, a idea do illamento, da incomunicación, sentir que estás rodeado de auga e, dalgún xeito, lonxe da civilización. Son lugares que desprenden maxia e exotismo, e por suposto, beleza. Lóxicamente estou a pensar en illas pequenas, trociños de terra perdidos no medio do océano.

Hai uns días estiven de visita pola zona de Nigrán, unha fermosa vila da provincia de Pontevedra, en plenas Rías Baixas. Baños mornos en Panxón, cea en Baiona, paseos á beira do mar ao longo da baía e subida a Monteferro, un lugar realmente especial. Esta lingua de terra e rocha elévase uns 147 metros sobre o mar e posúe unha gran riqueza mineral de ferro, de ahí a súa denominación. No seu punto máis alto atópase o Monumento da Marina Universal, obra do escultor vigués Manuel Gómez Román crea-

da en 1903 e inaugurada posteriormente durante a ditadura de Primo de Rivera en 1924. O monolito de granito ten uns 25 metros de altura -realmente impresiona- e representa á Virxe do Carme, patroa dos mariñeiros. Polo visto foi construído coa idea de que os navegantes que retornaban á Península foran recibidos por esta figura xigantesca e perfectamente visible dende ben lonxe. De feito nun dos laterais está gravado o seguinte texto:

«Se elevó este Monumento a la Marina Universal para que los navegantes al divisarla sientan la emoción de verse saludados por España.

Que de este granito emanen perpetuamente efluvios de amor que conforten a los solitarios viajeros de la espléndida llanura del Atlántico». Despois de ler a segunda frase, tan poética e embriagadora, non puiden evitar sentarme para perder a vista no horizonte e deixar voar a imaxinación mentres diante dos meus ollos emerxían as Illas Estelas e, cómo non, as Illas Cíes. Nese instante pola miña cabeciña xurdían unha e outra vez as mesmas preguntas: Nalgún momento viviría alguén ahí? E se así fora, de onde vi-



rían? Sería de terras moi lonxanas? Non sei, ten algo de máxico que non se pode explicar, un hipnotismo constante...

Este sentimento era ben coñecido por F. Mendelssohn (1809-1847), afamado compositor alemán do Romanticismo, autor de "Die Hebriden". Este xenial poema sinfónico foi composto en 1830 despois dunha visita de Don Félix polas salvaxes terras de Escocia. Alí quedou profundamente impresionado coas Illas Hébridas, un amplo arquipé-

lago bañado polo océano Atlántico e, en concreto, coa illa de "Staffa". Nomeada así polos vikingos, significa "illa de columnas" e fai referencia aos enormes piares de basalto que compoñen a illa. Staffa acadou unha certa popularidade trala visita de Sir Joseph Banks a finais do século XVIII. É e os seus compañeiros de viaxe ficaron abraiados coa beleza das xigantescas columnas de basalto, dándolle o nome de "Gruta de Fingal" á caverna marítima máis

espectacular. Esta abertura de Mendelssohn é un dos primeiros exemplos de "música programática", é dicir, o autor describe a través da linguaxe musical diferentes escenas ou imaxes: a cova, o mar, as ondas, etc.

Na fotografía podemos distinguir con claridade as Illas Estelas en primeiro plano e as Cíes detrás ao lonxe. Por outro lado, á esquerda vemos parte do Castelo de Monteferro, fortaleza do século XII ubicada no Concello de Baiona. O seu período de maior apoxeo tivo lugar entre os séculos XV e XVI, converténdose nun próspero enclave

comercial gracias ao privilexio que Xoán II de Castela outorgou a Baiona e á Coruña de ser os únicos portos galegos que podían comerciar co estranxeiro.

Xamais deixarei de sentir fascinación polas illas, por unha banda deleitarnos coa súa beleza dende terra, e por outra, disfrutar das maravillosas vistas da costa coas que nos agasallan. Todas exercen un magnetismo e hipnotismo inexplicable, incluso as imaxinarias como San Borondón...Por qué? É un enigma sen resposta.

## Recoñecemento

### ENTRE CORRENTES



Luisa Aguado  
Actriz e escritora

**C**omo discorren os meses, as estacións. Estamos a entrar no verán e case podo ver a sucesión de feitos que van acontecer. Ás veces perdemos o tempo imaxinando, crendo, elucubrando e pásase a vida, sen actos, sen feitos concretos, que marquen o radar do noso camiño. Outras veces nos autoexiximos tanto que a nosa saúde vaixe crebando. Buscar un equilibrio entre ambas as cousas é o que nos fará resistentes e capaces. Non esquezamos os soños, pero fagamos fronte aos feitos con orgullo e resistencia, sen queixas, sen desaires, sen titubeos. Asústame o paso do tempo ou ás veces véxoo desde a distancia como un feito non crible; hai pouco vinte...agora xa corenta. Cantos momentos perdemos na insatisfacción e na queixa, no abu-

rimento e no solpor. Cando crecemos dámonos conta que os instantes perdidos xamais volverán. Tendemos a quedarnos co bo dos acontecementos pero ás veces as feridas márcannos moito, o escuro, o malo, o dano que sufrimos e levamos nesa mochila cara á próxima experiencia e cara á seguinte... cargando sen sentido, prexudicándonos e desaproveitando todo o que temos de fronte. Moitas veces non percibimos o novo, porque o vemos co tamiz do pasado. Que pena!, é un gran erro.

Mentres non esquezamos, limpemou perdoemos (vostede decida) non seremos capaces de ver a nova experiencia que acontece nas nosas vidas, a nova oportunidade. Por que che custa tanto liberarte?, culpaste?. Ti fixeches o mellor que soubeches coa sabedoría e o talento que tiñas nese momento. Nada é malo, nada é erróneo. A vida preséntanos as dúas facetas, ambas cartas da baralla para que nos convertamos en estratexas de nosa propia vida, centurións en

loita contra as adversidades. Debemos comprender o intrínseco do asunto, que fallou?... sacarlle o seu mollo, asimilalo, pasar pola experiencia e destilar sabedoría. Con todo de nada serve culpase e autoflagelarse dicindo "Podía ser..." Eu digoche que as cousas non son así, quizais algunhas voces ensináronche mal. A frase é "foi o que tivo que ser" ou mesmo "acepto o meu pasado e toda a experiencia vivida".

Usaches o teu instinto, a túa mente e o teu corazón e non saiches vitorioso, pero non te autoflagelas, como che comentei noutro dos meus artigos: "cando caías, volve levantarte" sen máis, como un neno que tropeza e cae, simplemente ponse en pé e continua. Non existen fracasados, existen só persoas que tropezan unha vez e aprenden e outras tropezan toda a vida, pero en ambos os casos non cargues coa culpa, nada che beneficia. A sabedoría e o éxito de alguén depende en moitos casos da cantidade de cicatrices (léase

aprendizaxe) que no teu corpo, mente e espírito, leves.

Isto é importante, a cultura e a sociedade onde vives marcan tamén estes feitos. Poñamos por caso un exemplo: Se comparamos a cultura española coa norteamericana, lugar onde vivín durante uns anos, vemos que en España hai un medo terrible ao fracaso. O fracaso paralizanos, vémolos como un estigma, con todo na cultura norteamericana supón mesmo unha vantaxe. Fíxanse nos feitos, en cantas veces caíche e te volvíches levantar, a cantidade de cambios que introduciches na túa vida, desenvolvidos novas ferramentas, a procura incansable para continuar. Todo engade puntos, todo é bo, o Non non existe, só apréciase a valía e o esforzo inmenso que supón reinventarse e continuar, todo vai en función do si.

Se a sociedade onde vives che estigmatiza, crea o teu propio universo mental onde o se e o triunfo coexisten. Loita polas túas propias ideas en prol de defender a túa es-

tratexia ante o mundo. Se libre, esquéceche dos que con artimañas te queren facer menos. Ti non es menos es máis, o cal quere dicir mesmo que na soidade do teu mundo ti es o único creador e o que digan os demais en absoluto ten valía, nin che afecta. Aparta a esas voces de ignorancia que dan opinións incorrectas, sen saber os feitos que acompañaron o teu camiñar. Non permitas que ninguén che cargue a mochila do pesar e do fracaso. Ti eres é o teu propio creador e onde vaian as túas ideas e o teu pensamento, irá o teu mundo. Poderás percorrer espazos inalcanzables e conseguir incluso o inesperado, non importa en que país, onde. Se tes capacidade, esforzo, vontade e ideas brillantes comeza xa. Parte con orgullo ao teu destino. Só onde atopas recoñecemento e valoración fai un stop e demostra ao fin quen es ti Boa viaxe amiga! .



# Lamprear

## SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

**S**e no Sistema Internacional de unidades se considerasen as ganas unha magnitude fundamental, cal sería a unidade de medida? Quero dicir, como se miden as ganas que tes de algo? A miúdo nos vemos na obriga de converter unha magnitude cuantitativa nunha cualitativa e respostar con si ou non a unha pregunta á que eu sempre asignaría unha variable numérica como resposta.

Tes ganas de ir á praia conmigo? Iria contigo ate chovendo chuzos de punta.

Esto pode que se traducise nun dez de dez na escala das gana, outra cousa sería: Hai que mirar o tempo primeiro, senón buscamos algo distinto para facer.

Que tamén se pode traducir nun dez de dez, pero sendo o rapaz da Mariña lucense ben seguro. Ai! Pois cádrame mal, muller, que ese día véñenme enrolar a herba seca.

Que pode significar dúas cousas, que ten poucas ganas de ir contigo á praia ou que ademais de galego, é parvo.

As ganas poderíanse medir nas horas que repousan os callos que lle fai a miña nai a M. cada vez que vén vernos. Érguese coas galiñas para poñer todo a punto e para cando a xente está chegando ao Roda para comelos, a iso das oito e media, ela xa podería gañar unha competición entre ambas racións.

Tamén poderían medirse no número de transbordos entre orixe e destino. Ou nas horas de viaxe. Nos minutos adicados á preparación do acontecemento. Acostumamos a focalizar a felicidade no canto de poñela nas ganas que temos de que algo pase. No mimo que poñemos en cada idea ou nas bágoas de sacrificio na teima por conseguir ese soño. Nas veces que anhelamos coa almofada ese ascenso, ese reencontro ou que á avoa lle saia todo ben o mércores que vén no hospital.

Ás veces fallan as ganas e outras, pola contra, abundan as ganas pero fallan os motivos. As ganas, coma risa, son claros indicadores de verdade. Fogar non é onde naciche, é onde te criache, ese lugar ao que sempre tes ganas de voltar. As ganas incluso poderían medirse en Newtons, os que aplicaremos

de forza en todas as apertadas postCovid. Porque ter ganas acostuma a ser sinónimo de querer intensamente. Ti que querías e eu que che tiña ganas e aconteceu o que o Demo desexaba.

Coido que as ganas se tornan en magnitude incontrolable na maioría das situacións. Dificilmente unha pode xestionar as ganas dunha tortilla con ovos de galiña araucana un sábado a mediodía. Non obstante, o consello oficial sería só desexar aquilo que dependa de ti, se non tes ganas de andar frustrado. Se non se morre de amor, de ganas tampouco, ou menos, diría eu. Malia que eu llela trato de colar sempre que podo cando lampreo por unha torta de chocolate na casa. Morrer de ganas é devecer por un bico. Desexar con ansiedade. Adoecer, langrear, rabear. Porque o que moito se despide, poucas ganas ten de marcharse. Por ese motivo eu adoito non facelo cando non quero que me saiban as que teño. Presta ser coñecedora das ganas das miñas alumnas por dar o mellor delas mesmas, ganas de leirar un futuro incerto ao que poden gañarlle a partida. No outro ex-

tremo habita a desgana, raíña do non por bandeira. Indicador tamén de incerteza e olvido. Se faltan as ganas, xa comezamos a segunda parte perdendo un a cero, e cun defensa menos. Ao que vaías facer, ponlle ganas,

porque o avó L. dicía que o boga gado era o bebedor. Ata para iso serven as ganas, para calificar e cuantificar. Porque non hai sensación máis prazenteira que a de xuntarse a fame coas ganas de comer.

## ELISARDO BARCALA



Web: www.ebarcala.com  
Facebook: @ebarcala

# TELÉFONOS DE INTERESE

**ALFOZ**  
Concello: 982 55 85 81  
Garda Civil: 982 57 40 30  
Centro de Saúde: 982 55 86 97

**BARREIROS**  
Concello: 982 12 40 02  
Garda Civil: 982 12 41 94  
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

**BURELA**  
Concello: 982 58 60 00  
Policía Local: 982 58 62 11  
Garda Civil: 982 58 57 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29  
Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00  
Capitanía Marítima: 982 57 51 53

**CERVO**  
Concello: 982 55 77 77  
Policía Local: 615 52 10 52  
Garda Civil: 982 58 57 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

**FOZ**  
Concello: 982 14 00 27  
Policía Local: 982 13 36 40  
Garda Civil: 982 14 04 44  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85  
Agencia Tributaria: 982 13 35 12

**LOURENZÁ**  
Concello: 982 12 10 06  
Garda Civil: 982 52 19 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

**MONDOÑEDO**  
Concello: 982 52 40 03  
Policía Local: 982 50 70 40  
Garda Civil: 982 52 19 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

**OUIROL**  
Concello: 982 55 91 09  
Garda Civil: 982 56 10 39  
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

**PONTENOVA, A**  
Concello: 982 34 22 77  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

**RIBADEO**  
Concello: 982 12 86 50  
Policía Local: 982 12 86 50  
Garda Civil: 982 12 80 48  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

**RIORTORTO**  
Concello: 982 34 62 22  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

**TRABADA**  
Concello: 982 13 50 11  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

**VALADOURO, O**  
Concello: 982 57 40 00  
Garda Civil: 982 57 40 30  
Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

**VICEDO, O**  
Concello: 982 59 00 02  
Garda Civil: 982 59 01 81  
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

**VIVEIRO**  
Concello: 982 56 01 28  
Policía Local: 982 56 29 22  
Policía Nacional: 982 56 17 11  
Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62  
Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

**XOVE**  
Concello: 982 59 20 01  
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24

**TELÉFONOS DE INTERESE**

Emerxencias: **112** | Incendios Forestais: **085**  
 Urxencias Sanitarias: **061** | Garda Civil: **062**

[www.amariñaxa.com](http://www.amariñaxa.com)



Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PRENSA DA MARINA S.L.  
Dirección: Diego E. García Puente  
Teléfono: 661 464 323  
E-mail: redaccion@amariñaxa.com  
Impresión: Tameiga Publicacións SL  
Dep. Legal: LU 5-2019  
ISSN 2660-4493

Teléfono 661 464 323

[redaccion@amariñaxa.com](mailto:redaccion@amariñaxa.com)



## MAR

## Solicitan ao Ministerio que denegue as aterraxes da eólica mariña a través das praias



Praia da Limosa

Ecologistas en Acción solicita ao Ministerio para Transición Ecolóxica que rexeite os proxectos de eólica mariña que conlevan aterraxes das liñas de evacuación da enerxía a través de praias.

“Os aterraxes das liñas de evacuación enerxéticas conlevan un gran impacto ambiental polo que estas deben acometerse por zonas xa degradadas ambientalmente e non por zonas de alto valor ecolóxico. O despregamento das liñas de evacuación carrega a apertura de gabias de considerables dimensións e a cimentación de fixacións tanto no trazado mergullado como no parte terrestre ata a arqueta se conexión”, din dende o colectivo.

Ecologistas en Acción alerta que no proxecto inicial tanto do Parque Eólico Mariño San Brandán como no de San Cibrao, ambos de Iberdrola, as localizacións dos aterraxes están claramente escollidas por criterios exclusivamente económicos e non tendo en conta minimizar o impacto ambiental que causan.

As alternativas escollidas para o ateraxe da evacuación enerxética son a través de areas cando nas inmediacións existen zonas degradadas como instalacións portuarias, embarcaderos ou polígonos industriais. Demandan que rexeite estes proxectos se isto non se corrixe e os aterraxes se proxectan a través de zonas degradadas.

## A Deputación apoia o sector pesqueiro cunha nova colaboración con Expomar

A Deputación de Lugo renovou a colaboración coa Fundación Expomar para impulsar o sector náutico pesqueiro da Mariña e a comercialización dos produtos do mar, de gran valor para este territorio.

O presidente da institución provincial, José Tomé Roca, asinou un convenio co presidente da fundación mariñá, Alfredo Llano, no que a Deputación achega 8.000 euros para apoiar actividades promocionais do sector da pesca como as feiras Expomar e Produart que desenvolve esta entidade, adaptándoas á situación sanitaria.

Tomé Roca destacou o papel que xoga Expomar “para o dinamismo da economía mariñá e do conxunto da provincia, ademais de ser un escaparate turístico que dá a coñecer a riqueza de recursos dos nosos concellos”.

Así mesmo, o presidente subliñou

que as dúas citas, Expomar e Produart, “teñen unha gran importancia para a comarca da Mariña e xeran novas oportunidades de negocio para o sector pesqueiro e do turismo náutico, actividades estratéxicas para o desenvolvemento económico da Mariña e da provincia de Lugo. A Deputación impulsa o sector primario con distintos convenios e, neste caso, apostamos pola pesca e a náutica, polos empresarios do mar e polos profesionais que traballan nel”. As feiras Expomar e Produart están dirixidas a profesionais do mundo da pesca.

O seu obxectivo é dar a coñecer as novidades tecnolóxicas do sector para incentivar e mellorar as condicións laborais. Estes eventos complementáanse con xornadas técnicas e encontros empresariais onde se analizan os problemas da pesca a nivel nacional e internacional.

## Os Galp reciben axudas para facer fronte ao relevo xeracional

A Consellería do Mar aprobou este ano axudas por valor de máis de 350.000 euros para catro proxectos de cooperación dos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) que buscan dinamizar as zonas costeiras de Galicia e afrontar algúns dos seus principais retos como é a remuda xeracional. Con estas iniciativas a comunidade intensifica a colaboración entre os GALP, que desde 2016 permitiu aprobar 14 proxectos por un importe total de máis de 1,3 millóns de euros cofinanciados co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca.

Estas cifras aparecen recollidas nun informe que analizou o Consello da Xunta sobre a resolución da convocatoria de 2021 destas achegas a proxectos de cooperación interterritoriais e transnacionais dos GALP coas que o Executivo galego promove as sinerxías entre estas entidades do sector. Este intercambio de ideas e de coñecementos contribúe a optimizar o deseño das súas estratexias de desenvolvemento local participativo no litoral de Galicia.



Os catro proxectos aprobados na convocatoria de 2021 destas axudas son Remuda xeracional II, Bitácoras do mar, Rimartes e Un Mar en común e desenvolveranse todos entre este ano e o próximo coa participación de varios grupos de acción local do sector pesqueiro. A Mariña participa en dous.

O proxecto Remuda xeracional II: acercamento do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola aos centros de ensino para a remuda xeracional

está promovido por seis GALP entre os que o GALP ría de Arousa actúa de coordinador. A el súmanse o GALP A Mariña-Ortegal, o GALP Golfo Ártabro Norte, o GALP Ría de Pontevedra, o GALP Ría de Vigo-A Guarda e o GALP Golfo Ártabro Sur. Conta cunha achega de 86.000 euros e a súa actividade centrarase en dar a coñecer as posibilidades que ofrece o sector pesqueiro ao alumnado dos centros de ensino para promover a remuda xeracional.

O outro dos proxectos aprobados é Un mar en común. A afoiteza da xente do mar, no que participan catro GALP. O GALP Ría de Pontevedra é o coordinador da iniciativa e participan nela o GALP A Mariña-Ortegal, o GALP Golfo Ártabro Norte e o GALP Golfo Ártabro Sur. Cun apoio de algo máis de 31.000 euros, estes grupos buscan reforzar a participación das entidades asociativas do litoral, especialmente as do sector pesqueiro, nos propios GALP e mellorar tanto a súa visibilidade como a súa estrutura.

## A OPP fai un proxecto para mellorar a pesca de arraste

A Organización de Produtores Pesqueiros de Lugo está levando a cabo un proxecto piloto sobre melloras de selectividade na pesca de arrastre de litoral do caladeiro de Cantábrico-Noroeste no que participan buques pesqueiros comerciais.

O proxecto técnico, que consiste en analizar e desenvolver as medidas técnicas para a redución de descartes na pesquería de arrastre de fondo, está coordinado por OPP Lugo coa dirección científica do equipo de investigadores do Instituto Español de Oceanografía (IEO) de Vigo, dirixido por Julio Valeiras; autorizado e supervisado pola Secretaría Xeral de Pesca (MAPA).

Este proxecto sobre tecnoloxía de artes pesqueiras, denominado SelectLugo, iniciouse no ano 2020 cun estudio de situación e necesidades en canto a capturas de especies non desexadas, establecendo un plan de traballo no que resulta fundamental o coñecemento dos patróns respecto ao comportamento das artes de pesca e as posibles estratexias para realizar unha pesca máis selectiva evitando os descartes.



Este mes estase levando a cabo unha campaña experimental a bordo con mallas romboidais de 70 e 55 mm, usando sobrecopos especiais de 35 mm que permiten diferenciar as capturas por tamaños e especies. Armadores, redeiros, investigadores e técnicos de OPP Lugo deseñaron e construíron estas redes que agora se están probando, cun sistema de copos e sobrecopos en diferentes dimensións de malla que permitirán coñecer as propiedades selectivas de cada tamaño de malla para as especies comerciais máis importantes, como pescada, gallos, xurel, lirio, cabala, peixe sapo, etc.

## Ribadeo quiere poñer fin ás figuras de pedras que os turistas fan nas Catedrais

O Concello de Ribadeo pediu ao Servizo de Conservación da Natureza que tome as medidas oportunas co obxectivo de evitar que os visitantes da praia das Catedrais realicen figuras co amoreamento de pedras nese areal. Este feito xa se produciu hai anos e volveu detectarse este verán.

No escrito enviado sinalan que “volvemos detectar que visitantes deste espazo natural protexido, cuxo acceso está a ser controlado pola Xunta de Galicia nesta tempada estival, realizan figuras mediante o amoreamento de pedras existentes no lugar. Fai anos conseguírase poñer fin a estes comportamentos, pero, polo que parece, de novo é necesario tomar medidas ao respecto”.

E engaden “entendendo que estas circunstancias correspóndese en maior medida coas competencias do Servizo de Conservación da Natureza, pedimoslles aos socorristas que na medida do posible lle trasladen aos usuarios deste espazo a prohibición de seguir con esta práctica, non obstante, isto non forma parte do seu cometido”.



# A campaña Merluza a merluza, conquista o mercado madrileño

A Organización de Produtores Pesqueiros de Lugo, en colaboración con Armadores de Burela, ten en marcha unha nova campaña de promoción da Pescada do pincho de Burela, que ensalza una vez máis a calidade excepcional do produto, pero esta vez poñendo o foco no traballo, esforzo e compromiso que hai detrás de cada peza capturada artesanalmente.

Unha acción publicitaria que se lanza a nivel nacional de novo en Madrid, concretamente no seu transporte público, enchendo as traseiras e laterais das liñas de autobuses urbanos que conectan as principais prazas e mercados de abastos da cidade. E complementase con outras accións divulgativas e publicitarias nos mercados tradicionais, así como en medios dixitais en internet.

Desde a Organización de Produtores do Porto de Burela promócióname así o seu produto e deféndese unha forma única de facer as cosas: anzol a anzol, día a día, sol a sol, peza a peza... e "Merluza a merluza".



Autobús provisional da campaña

Ademais de ensalzar o produto, a campaña pon en valor toda a cadea de produción que hai detrás de cada peza. É a forma de vida de todas as familias que viven do mar en Burela, onde conviven máis de 40 nacionalidades unidas por esta pesca artesanal: "Pescador a pescador", marea a marea, familia a familia...; facendo que este modo de vivir non se perda e siga formando parte de nós: prato a prato, bocado a bocado.

A pescada de Burela captúrase de

forma individual, "unha a unha" como di a campaña. Péscase con anzol, unha arte de pesca sostible e artesanal na que o peixe non sofre ningún dano e a súa carne conserva tódalas súas cualidades, aportando os maiores beneficios para a saúde e o mellor sabor para o noso padal; e respectando o maior nivel de sostibilidade; principios que tamén comparten os novos consumidores, e por iso a pescada de Burela é para eles o produto ideal.

# Galicia quiere impulsar a produción de semente de bivalvos en criadeiras

A Universidade de Santiago (USC) estudará como minimizar o impacto das patoloxías bacterianas en criadeiras de moluscos bivalvos, impulsar a produción de semente nestas instalacións e avanzar na posta a punto de procedementos microbiolóxicos de manexo en criadeiro. A este proxecto o Executivo galego destina un total de 162.200 euros a distribuír nas anualidades 2021, 2022 e 2023 coa finalidade de compensar os custos nos que incorre a USC para o desenvolvemento dos labores que abarca esta acción.


Este traballo pretende ao mesmo tempo integrar por parte da USC nunha única actividade o seguimento das actuacións microbiolóxicas nos cultivos de moluscos bivalvos realizado ao abeiro das accións de investigación despregadas nas distintas instalacións de cultivo da Consellería do Mar. Deste xeito búscase racionalizar a xestión destes labores. O estudo centrarase no binomio fitoplancto-larvas como eixo principal para o control microbiolóxico do criadeiro de bivalvos e da dinámica dos patóxenos bacterianos co fin de minimizar o seu impacto no cultivo larvario dos distintos bivalvos. Esta determinación realízase tendo en conta os resultados de traballos



conxuntos anteriores entre ambas partes, que reflicten que os principais patóxenos larvarios que limitan o avance da produción en criadeiro parecen estar asociados á instalación e/ou condicións de cultivo.+ Con esa finalidade a investigación abarca entre as súas tarefas o estudo de dificultades na produción nas instalacións de cultivo do CIMA de Ribadeo e do Instituto de Formación en Acuicultura (Igafa), dependentes da Consellería do Mar para detectar posibles patóxenos nas especies en diferentes etapas de cultivo. Tamén inclúe a análise global dos datos biolóxicos-microbiolóxicos integrados dos criadeiras

do CIMA de Ribadeo e do Igafa e o estudo de diferentes tipos de cultivo de fitoplancto, a súa incidencia e factores que inflúen na proliferación de patóxeno. Entre os labores que prevé esta acción tamén están as estratexias no ciclo de produción que buscan optimizar os protocolos existentes e tamén deseño doutros novos segundo os resultados que se vaian obtendo. Os avances deste proxecto presentaranse en congresos e reunións científicas e o convenio de colaboración estará vixente desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023 e poderá ampliarse de mutuo acordo.

## a elección de...



**Martín Lestao**  
Presidente da Asociación Burela Floral

un libro



Kurt Cobain de Carlos García Miranda

un disco



Embruxo de Baiuca

unha película




O que arde

un personaxe histórico




Rosalía de Castro

un lugar para visitar



Lisboa

unha afección



A xardinería e a horticultura

unha comida



Bonito á brasa

unha bebida



O café

Consulta os eventos en:  
[www.amariñaxa.com](http://www.amariñaxa.com)

**D&A Díaz & Abad**  
abogados

**LEY DE SEGUNDA OPORTUNIDAD**

**¿TIENES DEUDAS?**

Da igual que seas empresa o persona física, podemos ayudarte.  
**¡Te asesoramos con la Ley de Segunda Oportunidad!**

Travesía de la Marina, 51 - 3º. Viveiro (Lugo) - Tfno.: 982 570 243  
Rúa da Fonte 12, Mondoñedo

UTILIZAMOS TODAS LAS MEDIDAS SANITARIAS CONTRA EL COVID-19 EN NUESTROS LOCALES



## DESCUBRINDO O PATRIMONIO

# Agosto quedará sen a Maruxaina de Cervo

A lenda non deixa claro se é una fermosa ninfa que atrae aos mariñeiros ou unha vella bondadosa que avisa dos temporais

**A** Maruxaina é unha Festa de Interese Turístico que se celebra cada verán na localidade galega de San Cibrao, agás os dous últimos por mor do coronavirus.

A festa da Maruxaina, que se celebra o segundo sábado de agosto, é un agradecemento popular a canto significa e produce o mar.

Os habitantes desta vila mariñeira non se poñen de acordo sobre o carácter e as verdadeiras intencións da Maruxaina, un personaxe que protagoniza unha das máis remotas lendas galegas e vive nas illas dos Farallóns. Uns din que é unha fermosa ninfa con corpo de muller e cola de peixe que ten envexa das mulleres dos mariñeiros, e por iso co seu sedutor canto atrae os mariñeiros para gozar da súa compañía. Outros manteñen que ela lles avisa dos temporais e que é unha vella bondadosa. En



todo caso, a figura da Maruxaina está rodeada de misterio, e incluso nos tempos máis recentes a lenda alimentouse na zona cos naufraxios, por exemplo, do bu-

que Castillo Moncada en 1945, do pesqueiro Marifran nos anos 50 ou do buque Carebeka VIII en 1982.

Sexa como fora, a vila de San Ci-



brao decidiu escenificar a lenda, que conta que foi apresada e xulgada, e faino desde 1985 cunha festa que fascina a veciños e visitantes por igual. É unha festa que

leva no seu espírito o poder enfeitizante da propia Maruxaina.

O acto central comeza un pouco antes da medianoite, no que homes e mulleres visten como as xentes do mar de tempos antigos: eles, co pantalón e a camisa remangados, e elas, con saias longas. Coas luces da vila apagadas, os homes saen ao mar na busca da Maruxaina e intérganse nel facendo soar cornos e bucinas para non escoitar o canto da serea. Os mariñeiros regresan á praia do Torno coa figura da Maruxaina, en medio de fogos de artificio, e entre o clamor do público a nereida é conducida á praza da vila para ser xulgada polos seus actos de todo o ano no Gran Xuízo Popular. Se é declarada inocente, o pobo concédelle o indulto á difamada serea e a festa continúa cunha gran queimada, se é culpable, préndenlle lume mentres beirran entre músicas e cánticos.



Distintas imaxes de arquivo de celebracións da Maruxaina de Cervo

## Playa del Coto

Frente al aparcamiento del antiguo complejo

San Cosme de Barreiros - Tel.: 650 881 799



43°33'19.1"N 7°10'32.1"W

DEL 22 DE JUNIO AL 12 DE SEPTIEMBRE

HORARIO CONTÍNUO

Servicio de terraza - Comida para llevar

Ampliación de carta con nuevos productos

Pulperia  
**MARIO**  
de Viveiro

CENAS  
COMIDAS  
PULPO

SERVICIOS DE **CATERING**  
FERIAS, COMIDAS, CENAS  
BODAS, BANQUETES  
Montaje para Eventos y **ALQUILER**  
DE **CARPAS**